



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 41  
5 de novembro de 2020



CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

#### Aprobación sen modificacións

##### I 2313 (11/PNC-000229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e once deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Estado de dereito e a defensa da propiedade privada como dereito fundamental, así como as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. (Procedemento de urxencia) [13931](#)

##### I 2541 (11/PNC-000270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co déficit de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía Nacional existente en Galicia [13932](#)

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 2967 (11/PNC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto [13932](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 958 (11/PNC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co protocolo para a retirada dos niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*) e a situación da praga [13933](#)



**COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Aprobación sen modificacións****I 2876 (11/PNC-000320)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prazo dispoñible para a reclamación polas persoas consumidoras ás entidades financeiras dos gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos [13933](#)

**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 3650 (11/PNC-000418)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar os empresarios autónomos ante o impacto da crise da covid-19 e a limitación de actividade que padecen [13934](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 2984 (11/PNC-000333)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño [13934](#)

**1.4. Procedementos de información****1.4.4. Preguntas****1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 4093 (11/PRE-000490)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre as medidas de actuación medioambiental ou de reparación económica previstas polo Goberno galego para o caso de afección da situación do río Eume nos recursos marisqueiros da ría de Ares e, en particular, nos da desembocadura do río, así como a información que posúe respecto do seu posible impacto nos bancos marisqueiros radicados augas abaixo [13951](#)

**I 4096 (11/PRE-000491)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á protección actual do territorio galego respecto do impacto ambiental do sector eólico, en particular nos espazos inseridos da Rede Natura 2000, e a



necesidade de mellorar os mecanismos de información e transparencia, así como de modificar a distancia entre os parques eólicos e as vivendas da veciñanza afectada [13954](#)

#### **I 4104 (11/PRE-000492)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para utilizar estudantes de enfermaría en lugar de contratar profesionais cualificados para realizar os cribados da covid-19, a supervisión deste alumnado durante a execución destas tarefas e as medidas previstas para recuperar a formación perdida durante ese período [13957](#)

#### **I 4129 (11/PRE-000494)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo que veñen realizando os centros do Instituto Español de Oceanografía en Galicia e a súa opinión referida á súa incidencia no impulso do sector galego da pesca e da industria dependente del, así como as actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos acordos parlamentarios relacionados co traspaso á Xunta de Galicia das competencias para a xestión deses centros en Galicia [13960](#)

#### **I 4135 (11/PRE-000495)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da atención ás persoas xordas no protocolo de prevención da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais, as medidas de adaptación previstas para o profesorado con deficiencia auditiva que non pode desenvolver o seu labor docente pola obrigatoriedade do uso da máscara e a súa opinión respecto da incidencia dese protocolo na garantía do dereito das persoas xordas á accesibilidade ao seu centro educativo [13965](#)

#### **I 4140 (11/PRE-000496)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a información oficial do Goberno galego referida aos proxectos do Goberno portugués para a modernización da liña ferroviaria entre Porto e Vigo, así como a xestión levada a cabo en relación coas conexións ferroviarias entre Galicia e o norte de Portugal [13969](#)

#### **I 4152 (11/PRE-000497)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as razóns da rebaixa por importe de 14.540.000 euros levada a cabo polo Goberno galego no ano 2019 no orzamento do programa 451B,- Acceso á vivenda, e os valores acadados nese ano polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto desa medida nos colectivos potencialmente beneficiarios da execución dese programa na súa totalidade [13973](#)



**I 4169 (11/PRE-000498)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a avaliación que fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da aplicación do Plan LÍA 2016-2020 de bibliotecas escolares, as medidas previstas para a súa continuidade e a data estimada para a presentación aos centros educativos da nova fase para o período 2021-2025

[13975](#)**I 4178 (11/PRE-000499)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das estatísticas referidas aos accidentes de caza rexistrados en Galicia, as medidas adoptadas ou previstas para rebaixar a sinistralidade xerada por esa actividade, así como sobre as súas intencións respecto do desenvolvemento regulamentario da Lei de caza e aprobación dun novo regulamento para garantir a seguridade nela

[13978](#)**I 4187 (11/PRE-000500)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre a situación do tratamento e da depuración das augas residuais nos concellos que realizan verteduras á bacía do Tambre e as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar as carencias existentes, así como para eliminar os puntos de vertedura identificados na actualidade nesa bacía e na ría de Muros e Noia

[13982](#)**I 4190 (11/PRE-000501)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración que fai a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda das actividades formativas e de divulgación levadas a cabo ao abeiro dos convenios asinados coa Federación Galega de Caza no período 2016-2020 e, en particular, da súa eficacia á vista dos datos da sinistralidade rexistrada nesta actividade en Galicia, os datos e os criterios de selección seguidos ao respecto, así como sobre as súas previsións referidas ao mantemento deses convenios

[13987](#)**I 4192 (11/PRE-000502)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o balance que fai a Secretaría Xeral para o Deporte dos convenios asinados coa Federación Galega de Caza no período 2016-2020 e dos seus resultados, así como sobre os campionatos galegos subvencionados a través deles e as súas previsións respecto do mantemento deses convenios no ano 2021 e a introdución dalgunha modificación normativa para que a caza non sexa considerada unha actividade formativa

[13990](#)**I 4196 (11/PRE-000503)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa actual composición do Consello Agrario Galego, o cumprimento na actualidade do disposto no artigo 5 da Lei 1/2006 e os criterios



que está a seguir a Consellería do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias [13993](#)

#### **I 4205 (11/PRE-000504)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis**

Sobre as medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantadas polo Goberno galego na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, en particular tras a declaración do nivel 3 e o peche perimetral do concello, así como as modificacións introducidas no plan de prevención de riscos laborais e no cadro de persoal do centro [13997](#)

#### **I 4212 (11/PRE-000505)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as razóns da reticencia do Goberno galego en relación coa declaración do estado de alarma para frear a segunda onda da pandemia da covid-19, a relevancia real que ten a súa consideración terminolóxica para unha decisión desa importancia sanitaria e a súa posición referida á necesidade desa declaración, así como sobre as medidas de adaptación que vai implementar ao respecto [14001](#)

#### **I 4217 (11/PRE-000506)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as razóns do desmantelamento de servizos que está a padecer a Oficina Agraria Comarcal de Vila de Cruces e as datas previstas polo Goberno galego para a súa dotación de persoal cualificado e a supresión das barreiras arquitectónicas existentes [14003](#)

#### **I 4226 (11/PRE-000507)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre o estado do proxecto de ampliación da EDAR de Monterroso [14005](#)

#### **I 4227 (11/PRE-000508)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as razóns da existencia de prazas vacantes de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense e as previsións de Portos de Galicia respecto do restablecemento do servizo co número de profesionais asignados a cada un deles [14007](#)

#### **I 4235 (11/PRE-000509)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2019 o Programa 451A, – Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, a avaliación do seu impacto e os valores acadados polos indicadores denominados *Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación e Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda* [14009](#)



**I 4242 (11/PRE-000510)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación laboral da mocidade, os plans específicos que se están a elaborar ou desenvolver para paliar a súa precariedade laboral, así como respecto da súa opinión referida á temporalidade xeneralizada nos seus contratos de traballo e ao cumprimento dos obxectivos do actual plan de emprego para as persoas mozas

[14012](#)**I 4248 (11/PRE-000511)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas que propón a Xunta de Galicia para a conservación do patrimonio cultural galego existente en coleccións particulares

[14017](#)**I 4252 (11/PRE-000512)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o destino das achegas ofrecidas ás avogadas da quenda de oficio

[14020](#)**I 4260 (11/PRE-000513)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 3 máis**

Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, os medios humanos e materiais habilitados no centro pola administración competente e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario

[14023](#)**I 4264 (11/PRE-000514)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a demora existente na comunicación polo Sergas ao alumnado que debe gardar corentena, así como os problemas de coordinación detectados naqueles casos nos que o alumnado ten un centro médico diferente ao asociado no protocolo covid-19 do seu centro de ensino

[14025](#)**I 4270 (11/PRE-000515)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver os problemas que están a ter as familias con membros con enfermidades graves nos casos de escolarización obrigatoria dos seus fillos e ante o impacto dun posible contaxio por covid-19 así como da apertura de expedientes de absentismo escolar

[14028](#)**I 4276 (11/PRE-000516)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre os obxectivos e as medidas concretas da Estratexia da cultura galega 2021 desenvolvidas na actualidade, a avaliación realizada ao respecto para a súa continuidade nos vindeiros anos e as previsións do Goberno galego referidas á súa revisión e adaptación ao contexto sanitario actual

[14032](#)

**I 4282 (11/PRE-000517)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa cobertura da praza de médico que vai quedar vacante por xubilación no Centro de Saúde de Escarón e o peche do consultorio médico de Currelos, no concello do Saviñao, ou, se é o caso, a dotación deste co persoal administrativo (PSX) correspondente

[14036](#)

**I 4285 (11/PRE-000518)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para crear comisións provinciais de seguimento diante de posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19, así como sobre a súa opinión referida á suficiencia do informe da Avogacía do Estado e da recomendación da Valedora do Pobo para ditarlles instrucións aclaratorias aos centros educativos para a súa aplicación no caso da existencia de circunstancias excepcionais que o xustifiquen

[14039](#)

**I 4297 – 4303 (11/PRE-000519)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao fomento da participación dos axentes económicos e sociais, así como dos investigadores e universidades, nos proxectos tractores e nos plans transversais que vai presentar Galicia para optar aos fondos europeos de recuperación tras a covid-19, a data estimada para a remisión aos grupos parlamentarios da información relacionada con eses proxectos e as actuacións levadas a cabo e previstas para o seu desenvolvemento

[14042](#), [14045](#)

**I 4308 (11/PRE-000520)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a corrección no Nomenclátor de Galicia dos erros nos topónimos que foron detectados polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega no ano 2014

[14046](#)

**I 4327 (11/PRE-000521)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Eume

[14048](#)

**I 4331 (11/PRE-000522)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**





Sobre a situación e os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na vivenda comunitaria Remanso de Paz, na Fonsagrada, así como sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para previr a expansión do virus [14053](#)

**I 4338 (11/PRE-000523)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos aos expedientes de dependencia con Programa Individual de Atención (PIA) resolto coa libranza de coidados no medio familiar e o número destes que reduciron esa libranza nos últimos oito anos, as expectativas da Consellería ao respecto e a opinión do Goberno galego referida á necesidade do seu reforzo [14056](#)

**I 4344 (11/PRE-000524)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o protocolo ou os parámetros obxectivos seguidos pola administración competente para acordar a intervención ou non dun centro de atención residencial para persoas maiores con contaxios por covid-19, os medios humanos e materiais que se habilitan no centro e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario [14059](#)

**I 4352 (11/PRE-000525)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do actual desabastecemento dos centros de saúde da vacina da gripe, as previsións referidas á súa dispoñibilidade e subministración, así como sobre a garantía desta vacina polo Sergas a todas as persoas e colectivos de risco [14062](#)

**I 4357 (11/PRE-000526)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que vai ter a residencia integrada para atender as persoas maiores contaxiadas por covid-19 anunciada polo Goberno galego na residencia privada Bodía Boullosa Pardo de Vera, de Vigo, o procedemento previsto para controlar o cumprimento da normativa vixente e a incidencia que terá a existencia de dúas residencias deste tipo en toda Galicia nos efectos da segunda vaga da covid-19 nas residencias de maiores [14065](#)

**I 4360 (11/PRE-000527)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a existencia de problemas na campaña de vacinación contra a gripe do ano 2020 pola insuficiencia das doses para atender a demanda e as necesidades da poboación, o número delas adquirido pola Xunta de Galicia e a realización dalgunha contratación extraordinaria para ese fin [14067](#)

**I 4366 (11/PRE-000528)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía de axudas ao Instituto Feiral de Vigo para afrontar os gastos fixos que segue a ter durante o seu peche como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como sobre a redefinición da súa actividade mentres dure esta crise

[14069](#)

**I 4371 (11/PRE-000529)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á ruta promovida pola Asociación Camiño dos Faros, as razóns da demora na emisión do informe ambiental e as actuacións previstas para evitar a desaparición ou perda do valor orixinal do proxecto

[14071](#)

**I 4374 (11/PRE-000530)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o nivel de contaxios por covid-19 que rexistra a residencia de persoas maiores de Ribadumia, as medidas de control e protección levadas a cabo pola empresa propietaria baixo a supervisión do Sergas e a opinión do Goberno galego respecto da adaptación das súas condicións laborais e dos seus recursos materiais ás necesidades asistenciais

[14074](#)

**I 4380 (11/PRE-000531)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos dous recentes informes do Consello da Cultura Galega referidos ao impacto da covid-19 no sector cultural, as medidas postas en marcha para paliar e as actuacións inmediatas que está a deseñar, así como as estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e axentes culturais

[14076](#)

**I 4387 (11/PRE-000532)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego referidas á aprobación do plan de fomento da lectura previsto na Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin a curto e medio prazo, así como sobre o papel que está a desenvolver neste proceso o Consello Asesor do Libro

[14080](#)

**I 4394 (11/PRE-000533)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a situación na que se atopan os centros sanitarios de atención primaria pechados con motivo da covid-19, o cronograma previsto polo Goberno galego para a súa apertura e o volume de atención presencial e telefónica que se está a prestar

[14083](#)

**I 4404 (11/PRE-000534)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da consignación nos orzamentos do Estado dunha partida de 50 millóns de euros para a aplicación de bonificacións e descontos ás persoas usuarias da autoestrada AP-9, a súa opinión referida á mellora por esta opción da proposta pola Xunta de Galicia en decembro de 2019 e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central da súa transferencia a Galicia e o rescate da concesión [14086](#)

**I 4410 (11/PRE-000535)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para adaptar o espazo do servizo de Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela á situación de pandemia xerada pola covid-19 e a súa dotación do persoal necesario, así como as razóns das deficiencias que segue a presentar a súa dotación de material [14090](#)

**I 4415 (11/PRE-000536)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre os novos servizos implantados e as melloras levadas a cabo no cadro de persoal do Hospital público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como a valoración que fai o Goberno galego ao respecto [14093](#)

**I 4423 (11/PRE-000537)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posición da Autoridade Portuaria de Vigo respecto da concesión dos terreos do estaleiro Factorías Vulcano, o coñecemento da oferta e do proxecto industrial presentado para continuar coa súa actividade produtiva, así como as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade da construción naval nese espazo [14096](#)

**I 4433 (11/PRE-000538)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas de asistencia sanitaria e de renovación de receitas a pacientes crónicos xerados no sistema de Atención Primaria do Sergas, o número de profesionais de medicina familiar e comunitaria incrementados polo Sergas dende o inicio da pandemia e a resposta que está a ofrecer aos pacientes que precisan renovar as receitas e non poden facelo pola saturación do sistema [14099](#)

**I 4439 (11/PRE-000539)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das inconsistencias que está a percibir a cidadanía respecto da conduta que debe seguir nos casos de positivo en covid-19 e de contacto con estes, os erros que se están a detectar nas notificacións das PCR a contactos con positivos e as razóns da disparidade de criterios existente entre as diferentes áreas sanitarias no referido á súa realización [14101](#)



**I 4443 (11/PRE-000540)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na convocatoria da mesa de negociación para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia, e as actuacións previstas ao respecto [14103](#)

**I 4450 (11/PRE-000541)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a información da Xunta de Galicia referida ao avance por Endesa no proceso de peche da central térmica das Pontes, así como a realización dalgunha valoración en relación coa actuación que está levar a cabo respecto do seu cadro de persoal directo, o impacto económico dese peche e as consecuencias da perda dun produtor enerxético das súas características e dimensións [14107](#)

**I 4463 (11/PRE-000542)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto [14112](#)

**I 4464 (11/PRE-000543)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre o mecanismo establecido ou previsto polo Goberno galego para compensar economicamente ás persoas mariscadoras durante o cesamento da súa actividade pola execución dos traballos de rexeneración da ría da Coruña, así como o establecemento nel, como contrapartida, da posibilidade de realizar traballos de mellora, rexeneración ou similares por ese colectivo [14114](#)

**I 4470 (11/PRE-000544)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos dispositivos específicos existentes para pacientes con esclerose lateral amiotrófica, ELA, ou persoas usuarias capacidade de comunicación e movemento impedida, mentres non se resolva o procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas, así como a realización dalgún estudo do impacto dos recortes da Lei de dependencia nos graos III [14117](#)

**I 4471 (11/PRE-000545)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as afirmacións realizadas polo Goberno galego en relación coa declaración do estado de alarma para frear a propagación da covid-19 [14120](#)



**I 4479 (11/PRE-000546)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 e a derogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, así como a valoración que fai das condicións laborais do persoal dos centros asistenciais dependentes desa consellaría [14123](#)

**1.4.5. Respostas a preguntas****Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación****I 4548 - 446 (11/PRE-000002)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da dotación de medios e da atención prestada á atención primaria para afrontar a covid-19 e as previsións do aumento do volume de recursos humanos [14127](#)

**I 4547 - 451 (11/PRE-000003)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a situación da atención sanitaria na comarca do Salnés/Arousa, así como sobre a súa dotación de persoal e centros de saúde [14130](#)

**I 4546 - 523 (11/PRE-000009)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as medidas que está tomando e vai tomar a Xunta de Galicia diante da evolución da covid-19 en Galicia [14133](#)

**I 4545 - 524 (11/PRE-000010)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de atención primaria [14136](#)

**I 4544 - 525 (11/PRE-000011)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a realización de tests masivos á poboación galega para loitar contra a covid-19 [14139](#)

**I 4543 - 977 (11/PRE-000050)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre os datos referidos aos rastrexadores existentes na actualidade en Galicia [14141](#)



**I 4542 - 984 (11/PRE-000051)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o grao de incorporación de Galicia ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da App Radar Covid, así como sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa posta en funcionamento polo Goberno central e a súa coordinación coas comunidades autónomas [14143](#)

**I 4549 - 2396 (11/PRE-000250)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade do inicio das competicións federadas de carácter autonómico, en especial no que atinxe aos deportes de contacto, diante dos requisitos exixidos na Orde, do 17 de setembro, de medidas de prevención fronte á covid-19, e, se é o caso, as previstas para garantir a seguridade sanitaria nelas [14145](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**

#### **2.4.3. Convocatorias**

**I Sesión plenaria (día 10 de novembro de 2020, ás 10.00 horas)**

[13946](#)

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 4 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

#### Aprobación sen modificacións

- 2313 (11/PNC-000229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e once deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Estado de dereito e a defensa da propiedade privada como dereito fundamental, así como as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 23, do 30.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia:

1. Manifesta o seu firme compromiso co Estado de dereito e coa defensa da propiedade privada como dereito fundamental recollido no artigo 33 da Constitución española.

2. Insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles.

Nomeadamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código Penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A previsión dun procedemento ou xuízo rápido ou inmediato que axilice o tempo dos litixios derivados da ocupación ilegal de inmobles en menos de 48 horas.

c) Establecer a prohibición de que as persoas que ocupen ilegalmente un inmovible poidan empadroarse nel.



d) As modificacións legislativas tendentes a reforzar e facilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal, concretamente, posibilitar que no prazo de 12 horas, dende que se teña denunciado a ocupación ilegal dunha vivenda, os corpos e forzas de seguridade do Estado poidan desaloxar ese inmovible; así como para mellorar a convivencia veciñal conferindo medios de defensa xurídica ás comunidades de propietarios, co fin de corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e cousas.

3. Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.»

- 2541 (11/PNC-000270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co déficit de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía Nacional existente en Galicia

BOPG nº 27, do 07.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Que por parte do Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Policía, se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando.

2. Que por parte do Ministerio do Interior, nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos, se contemple a adscrición dun número de prazas suficiente de axentes da Policía Nacional, non inferior a 256, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia»

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 2967 (11/PNC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

BOPG nº 30, do 14.10.2020





Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Trasladar á Comisión Mixta a demanda ao Goberno central da creación dun novo xulgado en Viveiro cando, a criterio da Comisión Mixta entre o Tribunal Superior e a Xunta de Galicia, existan as condicións obxectivas de necesidade para a dita creación.

2. Manter ou ampliar, no eido das competencias que lle son propias, as medidas de apoio que a Comisión Mixta estime adecuadas para resolver a sobrecarga de traballo de asuntos civís que existe nos xulgados de Viveiro.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 958 (11/PNC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co protocolo para a retirada dos niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*) e a situación da praga BOPG nº 11, do 04.09.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 4 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### **COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 2876 (11/PNC-000320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prazo dispoñible para a reclamación polas persoas consumidoras ás entidades financeiras dos gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos

BOPG nº 30, do 14.10.2020



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que unifique o criterio respecto ao prazo dispoñible para as persoas consumidoras que queiran solicitar os gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos, preferiblemente con rango normativo, propoñéndose que sexa de cinco anos desde a súa finalización ou cancelación no rexistro da propiedade.»

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 3650 (11/PNC-000418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar os empresarios autónomos ante o impacto da crise da covid-19 e a limitación de actividade que padecen

BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación coa incorporación da emenda *in voce* do G. P. Popular de Galicia e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Destinar axudas directas para os autónomos e autónomas que sexan compatibles coas do Estado.
2. Impulsar compensacións por “limitación de actividade” para as que non poden manter a súa actividade ao estar condicionadas por novas normativas sanitarias ou de capacidade. Esta compensación debe ser compatible con calquera outra axuda ou medida de fomento do emprego que se poida outorgar dende outra Administración pública, coas limitacións establecidas pola normativa europea de axudas *de minimis*.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 2984 (11/PNC-000333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño

BOPG nº 30, do 14.10.2020



Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 4720 e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

## **1.4. Procedementos de información**

### **1.4.4. Preguntas**

#### **1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**

##### **Admisión a trámite e publicación**

- 4093 (11/PRE-000490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as medidas de actuación medioambiental ou de reparación económica previstas polo Goberno galego para o caso de afección da situación do río Eume nos recursos marisqueiros da ría de Ares e, en particular, nos da desembocadura do río, así como a información que posúe respecto do seu posible impacto nos bancos marisqueiros radicados augas abaixo

- 4096 (11/PRE-000491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á protección actual do territorio galego respecto do impacto ambiental do sector eólico, en particular nos espazos inseridos da Rede Natura 2000, e a necesidade de mellorar os mecanismos de información e transparencia, así como de modificar a distancia entre os parques eólicos e as vivendas da veciñanza afectada

- 4104 (11/PRE-000492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para utilizar estudantes de enfermaría en lugar de contratar profesionais cualificados para realizar os cribados da covid-19, a supervisión deste alumnado durante a execución destas tarefas e as medidas previstas para recuperar a formación perdida durante ese período

- 4129 (11/PRE-000494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo que veñen realizando os centros do Instituto Español de Oceanografía en Galicia e a súa opinión referida á súa incidencia no impulso do sector galego da pesca e da industria dependente del, así como as actuacións levadas a cabo para



o cumprimento dos acordos parlamentarios relacionados co traspaso á Xunta de Galicia das competencias para a xestión deses centros en Galicia

- 4135 (11/PRE-000495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da atención ás persoas xordas no protocolo de prevención da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais, as medidas de adaptación previstas para o profesorado con deficiencia auditiva que non pode desenvolver o seu labor docente pola obrigatoriedade do uso da máscara e a súa opinión respecto da incidencia dese protocolo na garantía do dereito das persoas xordas á accesibilidade ao seu centro educativo

- 4140 (11/PRE-000496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a información oficial do Goberno galego referida aos proxectos do Goberno portugués para a modernización da liña ferroviaria entre Porto e Vigo, así como a xestión levada a cabo en relación coas conexións ferroviarias entre Galicia e o norte de Portugal

- 4152 (11/PRE-000497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da rebaixa por importe de 14.540.000 euros levada a cabo polo Goberno galego no ano 2019 no orzamento do programa 451B,- Acceso á vivenda, e os valores acadados nese ano polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto desa medida nos colectivos potencialmente beneficiarios da execución dese programa na súa totalidade

- 4169 (11/PRE-000498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación que fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da aplicación do Plan LÍA 2016-2020 de bibliotecas escolares, as medidas previstas para a súa continuidade e a data estimada para a presentación aos centros educativos da nova fase para o período 2021-2025

- 4178 (11/PRE-000499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das estatísticas referidas aos accidentes de caza rexistrados en Galicia, as medidas adoptadas ou previstas para rebaixar a sinistralidade xerada por esa actividade, así como sobre as súas intencións respecto do desenvolvemento regulamentario da Lei de caza e aprobación dun novo regulamento para garantir a seguridade nela

- 4187 (11/PRE-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis



Sobre a situación do tratamento e da depuración das augas residuais nos concellos que realizan verteduras á bacía do Tambre e as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar as carencias existentes, así como para eliminar os puntos de vertedura identificados na actualidade nesa bacía e na ría de Muros e Noia

- 4190 (11/PRE-000501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda das actividades formativas e de divulgación levadas a cabo ao abeiro dos convenios asinados coa Federación Galega de Caza no período 2016-2020 e, en particular, da súa eficacia á vista dos datos da sinistralidade rexistrada nesta actividade en Galicia, os datos e os criterios de selección seguidos ao respecto, así como sobre as súas previsións referidas ao mantemento deses convenios

- 4192 (11/PRE-000502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance que fai a Secretaría Xeral para o Deporte dos convenios asinados coa Federación Galega de Caza no período 2016-2020 e dos seus resultados, así como sobre os campionatos galegos subvencionados a través deles e as súas previsións respecto do mantemento deses convenios no ano 2021 e a introdución dalgunha modificación normativa para que a caza non sexa considerada unha actividade formativa

- 4196 (11/PRE-000503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa actual composición do Consello Agrario Galego, o cumprimento na actualidade do disposto no artigo 5 da Lei 1/2006 e os criterios que está a seguir a Consellería do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias

- 4205 (11/PRE-000504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantadas polo Goberno galego na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, en particular tras a declaración do nivel 3 e o peche perimetral do concello, así como as modificacións introducidas no plan de prevención de riscos laborais e no cadro de persoal do centro

- 4212 (11/PRE-000505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as razóns da reticencia do Goberno galego en relación coa declaración do estado de alarma para frear a segunda onda da pandemia da covid-19, a relevancia real que ten a súa consideración terminolóxica para unha decisión desa importancia sanitaria e a súa posición referida á necesidade desa declaración, así como sobre as medidas de adaptación que vai implementar ao respecto



- 4217 (11/PRE-000506)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as razóns do desmantelamento de servizos que está a padecer a Oficina Agraria Comarcal de Vila de Cruces e as datas previstas polo Goberno galego para a súa dotación de persoal cualificado e a supresión das barreiras arquitectónicas existentes

- 4226 (11/PRE-000507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o estado do proxecto de ampliación da EDAR de Monterroso

- 4227 (11/PRE-000508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da existencia de prazas vacantes de gardapeiraos nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense e as previsións de Portos de Galicia respecto do restablecemento do servizo co número de profesionais asignados a cada un deles

- 4235 (11/PRE-000509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2019 o Programa 451A, – Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, a avaliación do seu impacto e os valores acadados polos indicadores denominados *Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación e Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda*

- 4242 (11/PRE-000510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación laboral da mocidade, os plans específicos que se están a elaborar ou desenvolver para paliar a súa precariedade laboral, así como respecto da súa opinión referida á temporalidade xeneralizada nos seus contratos de traballo e ao cumprimento dos obxectivos do actual plan de emprego para as persoas mozas

- 4248 (11/PRE-000511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas que propón a Xunta de Galicia para a conservación do patrimonio cultural galego existente en coleccións particulares

- 4252 (11/PRE-000512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o destino das achegas ofrecidas ás avogadas da quenda de oficio



- 4260 (11/PRE-000513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, os medios humanos e materiais habilitados no centro pola administración competente e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario

- 4264 (11/PRE-000514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a demora existente na comunicación polo Sergas ao alumnado que debe gardar corentena, así como os problemas de coordinación detectados naqueles casos nos que o alumnado ten un centro médico diferente ao asociado no protocolo covid-19 do seu centro de ensino

- 4270 (11/PRE-000515)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver os problemas que están a ter as familias con membros con enfermidades graves nos casos de escolarización obrigatoria dos seus fillos e ante o impacto dun posible contaxio por covid-19 así como da apertura de expedientes de absentismo escolar

- 4276 (11/PRE-000516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os obxectivos e as medidas concretas da Estratexia da cultura galega 2021 desenvolvidas na actualidade, a avaliación realizada ao respecto para a súa continuidade nos vindeiros anos e as previsións do Goberno galego referidas á súa revisión e adaptación ao contexto sanitario actual

- 4282 (11/PRE-000517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa cobertura da praza de médico que vai quedar vacante por xubilación no Centro de Saúde de Escarón e o peche do consultorio médico de Currelos, no concello do Saviñao, ou, se é o caso, a dotación deste co persoal administrativo (PSX) correspondente

- 4285 (11/PRE-000518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para crear comisións provinciais de seguimento diante de posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19, así como sobre a súa opinión referida á suficiencia do informe da Avogacía do Estado e da recomendación



da Valedora do Pobo para ditarlles instrucións aclaratorias aos centros educativos para a súa aplicación no caso da existencia de circunstancias excepcionais que o xustifiquen

- 4297 – 4303 (11/PRE-000519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao fomento da participación dos axentes económicos e sociais, así como dos investigadores e universidades, nos proxectos tractores e nos plans transversais que vai presentar Galicia para optar aos fondos europeos de recuperación tras a covid-19, a data estimada para a remisión aos grupos parlamentarios da información relacionada con eses proxectos e as actuacións levadas a cabo e previstas para o seu desenvolvemento

A Mesa admite a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 4303.

- 4308 (11/PRE-000520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a corrección no Nomenclátor de Galicia dos erros nos topónimos que foron detectados polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega no ano 2014

- 4327 (11/PRE-000521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Eume

- 4331 (11/PRE-000522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación e os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na vivenda comunitaria Remanso de Paz, na Fonsagrada, así como sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para previr a expansión do virus

- 4338 (11/PRE-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos aos expedientes de dependencia con Programa Individual de Atención (PIA) resolto coa libranza de coidados no medio familiar e o número destes que reduciron esa libranza nos últimos oito anos, as expectativas da Consellería ao respecto e a opinión do Goberno galego referida á necesidade do seu reforzo

- 4344 (11/PRE-000524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o protocolo ou os parámetros obxectivos seguidos pola administración competente para acordar a intervención ou non dun centro de atención residencial para persoas maiores con con-





taxios por covid-19, os medios humanos e materiais que se habilitan no centro e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario

- 4352 (11/PRE-000525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do actual desabastecemento dos centros de saúde da vacina da gripe, as previsións referidas á súa dispoñibilidade e subministración, así como sobre a garantía desta vacina polo Sergas a todas as persoas e colectivos de risco

- 4357 (11/PRE-000526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que vai ter a residencia integrada para atender as persoas maiores contaxiadas por covid-19 anunciada polo Goberno galego na residencia privada Bodía Boullosa Pardo de Vera, de Vigo, o procedemento previsto para controlar o cumprimento da normativa vixente e a incidencia que terá a existencia de dúas residencias deste tipo en toda Galicia nos efectos da segunda vaga da covid-19 nas residencias de maiores

- 4360 (11/PRE-000527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a existencia de problemas na campaña de vacinación contra a gripe do ano 2020 pola insuficiencia das doses para atender a demanda e as necesidades da poboación, o número delas adquirido pola Xunta de Galicia e a realización dalgunha contratación extraordinaria para ese fin

- 4366 (11/PRE-000528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía de axudas ao Instituto Feiral de Vigo para afrontar os gastos fixos que segue a ter durante o seu peche como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como sobre a redefinición da súa actividade mentres dure esta crise

- 4371 (11/PRE-000529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego referida á ruta promovida pola Asociación Camiño dos Faros, as razóns da demora na emisión do informe ambiental e as actuacións previstas para evitar a desaparición ou perda do valor orixinal do proxecto

- 4374 (11/PRE-000530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o nivel de contaxios por covid-19 que rexistra a residencia de persoas maiores de Ribadumia, as medidas de control e protección levadas a cabo pola empresa propietaria baixo a supervisión



do Sergas e a opinión do Goberno galego respecto da adaptación das súas condicións laborais e dos seus recursos materiais ás necesidades asistenciais

- 4380 (11/PRE-000531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos dous recentes informes do Consello da Cultura Galega referidos ao impacto da covid-19 no sector cultural, as medidas postas en marcha para paliar e as actuacións inmediatas que está a deseñar, así como as estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e axentes culturais

- 4387 (11/PRE-000532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego referidas á aprobación do plan de fomento da lectura previsto na Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin a curto e medio prazo, así como sobre o papel que está a desenvolver neste proceso o Consello Asesor do Libro

- 4394 (11/PRE-000533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación na que se atopan os centros sanitarios de atención primaria pechados con motivo da covid-19, o cronograma previsto polo Goberno galego para a súa apertura e o volume de atención presencial e telefónica que se está a prestar

- 4404 (11/PRE-000534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da consignación nos orzamentos do Estado dunha partida de 50 millóns de euros para a aplicación de bonificacións e descontos ás persoas usuarias da autoestrada AP-9, a súa opinión referida á mellora por esta opción da proposta pola Xunta de Galicia en decembro de 2019 e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central da súa transferencia a Galicia e o rescate da concesión

- 4410 (11/PRE-000535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para adaptar o espazo do servizo de Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela á situación de pandemia xerada pola covid-19 e a súa dotación do persoal necesario, así como as razóns das deficiencias que segue a presentar a súa dotación de material

- 4415 (11/PRE-000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis



Sobre os novos servizos implantados e as melloras levadas a cabo no cadro de persoal do Hospital público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como a valoración que fai o Goberno galego ao respecto

- 4423 (11/PRE-000537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posición da Autoridade Portuaria de Vigo respecto da concesión dos terreos do estaleiro Factorías Vulcano, o coñecemento da oferta e do proxecto industrial presentado para continuar coa súa actividade produtiva, así como as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade da construción naval nese espazo

- 4433 (11/PRE-000538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas de asistencia sanitaria e de renovación de receitas a pacientes crónicos xerados no sistema de Atención Primaria do Sergas, o número de profesionais de medicina familiar e comunitaria incrementados polo Sergas dende o inicio da pandemia e a resposta que está a ofrecer aos pacientes que precisan renovar as receitas e non poden facelo pola saturación do sistema

- 4439 (11/PRE-000539)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das inconsistencias que está a percibir a cidadanía respecto da conduta que debe seguir nos casos de positivo en covid-19 e de contacto con estes, os erros que se están a detectar nas notificacións das PCR a contactos con positivos e as razóns da disparidade de criterios existente entre as diferentes áreas sanitarias no referido á súa realización

- 4443 (11/PRE-000540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na convocatoria da mesa de negociación para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia, e as actuacións previstas ao respecto

- 4450 (11/PRE-000541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia referida ao avance por Endesa no proceso de peche da central térmica das Pontes, así como a realización dalgunha valoración en relación coa actuación que está levar a cabo respecto do seu cadro de persoal directo, o impacto económico dese peche e as consecuencias da perda dun produtor enerxético das súas características e dimensións

- 4463 (11/PRE-000542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis



Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto

- 4464 (11/PRE-000543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o mecanismo establecido ou previsto polo Goberno galego para compensar economicamente ás persoas mariscadoras durante o cesamento da súa actividade pola execución dos traballos de rexeneración da ría da Coruña, así como o establecemento nel, como contrapartida, da posibilidade de realizar traballos de mellora, rexeneración ou similares por ese colectivo

- 4470 (11/PRE-000544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos dispositivos específicos existentes para pacientes con esclerose lateral amiotrófica, ELA, ou persoas usuarias capacidade de comunicación e movemento impedida, mentres non se resolta o procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas, así como a realización dalgún estudo do impacto dos recortes da Lei de dependencia nos graos III

- 4471 (11/PRE-000545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as afirmacións realizadas polo Goberno galego en relación coa declaración do estado de alarma para frear a propagación da covid-19

- 4479 (11/PRE-000546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 e a derogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, así como a valoración que fai das condicións laborais do persoal dos centros asistenciais dependentes desa consellaría

### 1.4.5. Respostas a preguntas

#### Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 4548 - 446 (11/PRE-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da dotación de medios e da atención prestada á atención primaria para afrontar a covid-19 e as previsións do aumento do volume de recursos humanos

BOPG nº 4, do 19.08.2020



- 4547 - 451 (11/PRE-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a situación da atención sanitaria na comarca do Salnés/Arousa, así como sobre a súa dotación de persoal e centros de saúde

BOPG nº 4, do 19.08.2020

- 4546 - 523 (11/PRE-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas que está tomando e vai tomar a Xunta de Galicia diante da evolución da covid-19 en Galicia

BOPG nº 9, do 02.09.2020

- 4545 - 524 (11/PRE-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de atención primaria

BOPG nº 9, do 02.09.2020

- 4544 - 525 (11/PRE-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a realización de tests masivos á poboación galega para loitar contra a covid-19

BOPG nº 9, do 02.09.2020

- 4543 - 977 (11/PRE-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos rastrexadores existentes na actualidade en Galicia

BOPG nº 11, do 04.09.2020

- 4542 - 984 (11/PRE-000051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o grao de incorporación de Galicia ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da App Radar Covid, así como sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa posta en funcionamento polo Goberno central e a súa coordinación coas comunidades autónomas

BOPG nº 11, do 04.09.2020

- 4549 - 2396 (11/PRE-000250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade do inicio das competicións federadas de carácter autonómico, en especial no que atinxe aos deportes de contacto, diante dos requisitos



exixidos na Orde, do 17 de setembro, de medidas de prevención fronte á covid-19, e, se é o caso, as previstas para garantir a seguridade sanitaria nelas  
BOPG nº 24, do 01.10.2020

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020  
Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente 1º

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**

#### **2.4.3. Convocatorias**

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 10 de novembro de 2020, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 3 de novembro de 2020, a orde do día da sesión é a seguinte:

#### **Punto 1.**

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 4586, 11/LGNF-000001)

#### **Punto 2.**

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2018 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017) (doc. núm. 52969, 10/ICON-000004)  
Publicación do ditame e das propostas, BOPG nº 37 do 29.10.2020.

#### **Punto 3. Textos lexislativos**

3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)

*Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020*

*Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 36, do 28.10.2020*

3.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)

*Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020*

*Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 36, do 28.10.2020*



## Punto 4. Comparecencias

### 4.1 4147 (11/CPP-000023)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación e das medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de turbidez do río Eume e o seu impacto no abastecemento de auga en Pontedeume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Acumúlase na anterior a seguinte:

### 4.2 3835 (11/CPP-000021)

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do estado de deterioración ambiental e contaminación do río Eume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

### 4.3 4085 (11/CPP-000022)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

## Punto 5. Mocións

### 5.1 4110 (11/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno para garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1686, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

### 5.2 4148 (11/MOC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación e contratación de persoal para o sistema sanitario público de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2817, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

### 5.3 4158 (11/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos e as



necesidades derivadas da crise da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2246, publicada no BOPG nº 23, do 30.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 20.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

## Punto 6. Proposicións non de lei

### 6.1 2552 (11/PNP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

### 6.2 2796 (11/PNP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-Porto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

### 6.3 3737 (11/PNP-000412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocione ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

### 6.4 3878 (11/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

### 6.5 3945 (11/PNP-000436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre a elaoración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

### 6.6 3973 (11/PNP-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis





Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

## Punto 7. Interpelacións

### 7.1 3563 (11/INT-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

### 7.2 3635 (11/INT-000233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

### 7.3 3652 (11/INT-000235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

## Punto 8. Preguntas ao goberno

### 8.1 4632 (11/PUP-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

### 8.2 911 (11/POP-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e seis deputados/as máis

Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

### 8.3 2989 (11/POP-000359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia



Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.4 2848 (11/POP-000345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e tres deputados/as máis

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

8.5 3154 (11/POP-000382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.6 3810 (11/POP-000478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

8.7 4630 (11/PUP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o número de persoas rastrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.8 3442 (11/POP-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nun comunicado emitido o xoves 8 polo Concello de Pontedeume sinalábase que polo menos dende a mañá do día 6 de outubro as augas do río Eume baixan completamente turbias, cunha cor e textura que parece deberse a algún tipo de vertido, feito que foi trasladado inmediatamente a Augas de Galicia. A situación empeorou nos días seguintes, ata prohibirse o consumo de auga nese concello dende o día 10, prohibición que se mantivo durante 12 días, ata onte mesmo.

A conselleira de Infraestruturas personouse no lugar o martes 13, 7 días despois dos vertidos, para anunciar a instalación dunha barreira anticontaminante no punto de captación das augas para consumo do concello, medida que é vistosa ante a prensa (aparéntase que se fai algo e se permite facer unha foto) pero ineficaz, dado que a barreira é un dispositivo mecánico que pode ser útil para evitar a propagación de fuel –na medida en que o fuel tende a flotar e solidifícase- pero non para evitar a contaminación suspendida na auga. Tamén anunciou a mellora da capacidade da depuradora de Pontedeume, o cal fai temer que se reproduza unha situación que a día de hoxe aínda se mantén.

Diversos colectivos ecoloxistas denuncian dende hai moitos anos que os lodos acumulados no fondo do encoro do Eume son un enorme perigo potencial para o parque natural das Fragas do Eume, que é un dos 6 que ten Galicia, así como para unha ría de tan alto valor ecolóxico, pesqueiro, marisqueiro e turístico como a de Ares, dado que poden conter todo tipo de materiais e sustancias tóxicas asociadas á contaminación que vén de augas enriba do encoro, incluíndo as derivadas de décadas de actividade mineira e industrial.

O 21 de outubro a Xunta declarou a situación de “emerxencia”, segundo informou á prensa, coa intención de recuperar a calidade das augas do Eume, ademais de anunciar a creación dunha comisión. A conselleira tamén dixo que a situación lle parecía “intolerable”.

O concello de Pontedeume denunciou ante a Xunta e o Ministerio de Transición Ecolóxica a situación.



Por outra banda, o 30 de decembro de 2020 remata o prazo do pacto ambiental asinado pola Xunta da Galiza en 2005 e que inclúe entre os seus obxectivos a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a "recuperación ambiental do río Eume".

Cómpre lembrar que durante as últimas décadas, colectivos ecoloxistas e de pescadores denunciaron reiteradamente o incumprimento da obriga de manter o caudal ecolóxico por parte de Endesa, que –de xeito inaudito- mantivo practicamente seco un tramo de 4 quilómetros do río dentro do espazo do parque, ante a pasividade da Xunta, situación que unha sentenza xudicial obrigou a corrixir, o que pode estar relacionado co estado actual do río.

Na sesión da comisión segunda do Parlamento de Galicia celebrada o día 22 de outubro, a directora de Augas de Galicia tratou de normalizar a situación como un episodio “natural” de deriva de sedimentos, o cal é indicativo de que ou descoñece cal é o estado natural dun río nun episodio de turbidez asociado á choiva ou descoñece cal é o estado actual do Eume.

En relación con todo o anterior, os mariscadores que explotan os bancos marisqueiros da desembocadura do río Eume (en concreto a Confraría Virxe do Carme de Pontedeume á que están asociados aproximadamente 70 profesionais) carecen a día de hoxe de información sobre a situación do río ou sobre como pode afectarlles esa situación, tendo en conta que se trata fundamentalmente de bancos de ameixa, organismo filtrador que pode tardar algún tempo en manifestar os efectos da contaminación unha vez producida esta. Ningún responsable ou funcionario da Xunta de Galicia se puxo en contacto con eles.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten prevista a Xunta algunha medida de actuación medioambiental ou de reparación económica para o caso de que a situación do Eume afecte aos recursos marisqueiros da ría de Ares e sinaladamente os da desembocadura do Eume?

2ª) Ten información a Xunta de Galicia sobre como pode afectar a situación do Eume aos bancos marisqueiros radicados augas abaixo?

3ª) Non considera a Xunta que a situación é suficientemente importante como para poñerse en contacto cos mariscadores potencialmente afectados?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/10/2020 17:39:58**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2020 17:40:14**

**Paloma Castro Rey na data 22/10/2020 17:40:27**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/10/2020 17:40:38**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia dunhas excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo.

No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou



oposición social pero co tempo está a xerar conflictividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica e incumpríronse cuestións relativas ao impacto ambiental, pois o 50 % desa potencia instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques.

Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións.

Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que, ante o forte relanzamento do sector eólico que se está a producir e o que está previsto na próxima década, se está protexendo adecuadamente o noso territorio do impacto ambiental do sector eólico, sinaladamente na Rede Natura?

3ª) Deberían mellorarse os mecanismos de información e transparencia para garantir que a implantación de parques eólicos en Galicia teña o menor impacto ambiental posible?

4ª) Cre necesario modificar a distancia dos parques eólicos respecto das vivendas da veciñanza afectada?





Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/10/2020 18:38:04**

**Paloma Castro Rey na data 22/10/2020 18:38:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/10/2020 18:38:28**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/10/2020 18:38:50**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a utilización de estudantes de enfermaría para a realización de cribados da COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o mércores 21 de outubro están a realizárense cribados nos campus das 3 universidades galegas para a detección de pacientes portadorxs asintomáticxs do virus SARS-CoV-2 entre xs estudantes universitarixs. Este cribado foi impulsado pola Xunta de Galiza e levarase a cabo mediante tests rápidos de dobre banda facilitados desde o propio Sergas, a pesar de que o material de protección necesario así como o acondicionamento dos espazos correu a conta das Universidades.

Segundo o anunciado polas universidades, estes tests serán realizados por estudantes de Enfermaría en lugar de por profesionais tituladxs, ofrecéndoselle a cambio unha convalidación por horas de prácticas, o que supón unha eiva para estas estudantes, que pasan a realizar tarefas de escaso labor formativo en lugar das prácticas estipuladas polo seu plan de estudos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que utiliza a Xunta de Galiza a estudantes para a realización destes cribados e cal é a razón pola que o goberno galego non contrata a profesionais cualificadxs?
- Foi supervisado o alumnado durante a realización destas tarefas?
- Que medidas ten contempladas o goberno galego para recuperar a formación perdida destxs estudantes durante a realización do cribado?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 23/10/2020 10:22:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2020 10:22:41**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2020 10:23:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, María do Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a transferencia a Galiza do Instituto Español de Oceanografía.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A investigación mariña é un elemento chave para promover e impulsar o sector da pesca galega e da industria que depende del. Aporta coñecemento en materia de especies pesqueiras e competitividade á actividade marítimo-pesqueira.

No mes de xullo deste ano, o Ministerio de Ciencia e Innovación confirmaba a súa decisión de “reformular e reestruturar” o Instituto Español de Oceanografía, co obxectivo principal de “solventar os graves problemas de xestión que vén arrastrando dende hai anos” e que acabaron afogándoo financeiramente. E anunciaba que “estamos dando os pasos necesarios para que se converta en Centro Nacional dentro da estrutura da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas”.

Esta decisión foi tomada sen informar ao Consello Rector do IEO, sen que se escoitasen as súas opinións e as súas propostas, a pesar de que entre as súas funcións figura “aprobar os obxectivos e plans anuais e plurianuais e velar polo cumprimento dos mesmos” e a pesar, tamén, de que nel está representado o propio Ministerio de Ciencia e Innovación, ademais do de Transición Ecolóxica e o de Pesca, as comunidades autónomas e o sector pesqueiro e acuicultor.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O traballo do IEO nos seus centros de Vigo e A Coruña leva sendo absolutamente fundamental nos últimos 50 anos para o sector pesqueiro galego, para a defensa internacional da nosa frota, para respaldar o estado dos recursos e para a toma de decisións sobre a ordenación pesqueira. De feito, moitas das melloras rexistradas na xestión pesqueira en todo o mundo son o resultado do traballo investigador desenvolvido polos científicos e científicas do IEO.

Dende o anuncio do Ministerio de Ciencia e Innovación, sucedéronse as peticións de reconsideración da súa decisión, dende os propios traballadores e traballadoras do IEO ata o sector pesqueiro galego. A propia conselleira do Mar ofreceu súa colaboración para “encauzar o rumbo do organismo”.

E chama moito a atención este ofrecemento, sobre todo se temos en conta que no propio parlamento galego xa se aprobara por unanimidade, en marzo de 2016, unha proposta do BNG moito máis ambiciosa: “Demandar do goberno español a transferencia das funcións, medios e persoal dos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e A Coruña, así como do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo”.

O goberno galego non traballou sobre a base dese acordo unánime para conseguir a transferencia dos centros do IEO no país e, co tempo e co réxime de control económico financeiro aplicábel pola Intervención Xeral da Administración do Estado a determinados organismos públicos, a situación agravouse considerabelmente.

Foron estas as razóns polas que o grupo parlamentar do BNG presentou de novo unha iniciativa no parlamento galego en maio de 2018, que tamén foi aprobada coa unanimidade de todos os grupos da cámara, e que volvía a “demandar do Estado español o traspaso de competencias para a total xestión económico administrativa dos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

centros do Instituto Oceanográfico Español en Galiza co obxecto de que pasen a formar parte da estrutura propia da Xunta”.

A día de hoxe, a pesar de estar en xogo os intereses pesqueiros de Galiza, nada se ten avanzado e a prevista integración no CSIC vai seguir mantendo os principais problemas da centralización, tanto no económico como na dotación de persoal, nas súas taxas de reposición e na administración do traballo día a día.

De feito, por clara disconformidade coa decisión do Ministerio xa se teñen producido numerosas dimisións de persoas á fronte do Instituto, deixando clara a súa opinión de que a integración no CSIC non soluciona os problemas existentes. E así é que, mentres o Ministerio continúa coa súa decisión unilateral, o colapso financeiro segue sen solución, seguen as débedas pendentes de pago do ano 2019 e deste 2020 e os directores actuais dos centros seguen sen poder realizar labores de mantemento nin comprar material.

Esta nova decisión tomada dende Madrid sen contar coas necesidades específicas da cada un dos centros non vai traer a solución. Manter a independencia do Instituto e transferir as competencias de xestión á Xunta si serviría como base para poñer novamente en pleno funcionamento os centros do IEO no noso país.

A día de hoxe, o propio sector pesqueiro avoga por esta solución, e mesmo lle ten solicitado ao Ministerio que se efectivicen os acordos do parlamento galego.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o traballo que veñen realizando os centros do IEO en Galiza?

- Considera a Xunta de Galiza que os centros do IEO en Vigo e A Coruña son vitais para promover e impulsar o sector da pesca galega e da industria que depende del?

- Que accións ten levado a cabo o goberno galego para dar cumprimento aos acordos do parlamento galego de marzo de 2016 e maio de 2018, relativos ao traspaso de competencias para a total xestión económico administrativa dos centros do IEO en Galiza?

- Está disposto o Goberno galego a solicitar ao Estado español a convocatoria da comisión bilateral entre o Estado e a Xunta de Galiza co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do IEO en Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**María do Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/10/2020 13:25:19**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/10/2020 13:25:29**

**María do Carme González Iglesias na data 23/10/2020 13:25:38**

**Daniel Castro García na data 23/10/2020 13:25:45**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adecuación do contexto educativo para o profesorado e alumnado con deficiencias auditivas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario para o curso 2020-2021 obrigou ao uso da máscara a partir dos 6 anos tanto para o alumnado como para o profesorado e o restante persoal laboral, durante toda a xornada lectiva, mesmo en caso de se cumprir coa distancia de seguridade.

Asemade, o protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais obriga, para alén das outras medidas de seguridade común, ao uso da máscara de protección en maiores de 6 anos sempre que a toleren.

Ambas as dúas normativas recollen algunhas excepcións para esta obriga do uso da máscara como son ter algún tipo de doenza ou dificultade respiratoria ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

No entanto, para facilitar a comunicación deste alumnado con necesidades educativas especiais, o devandito protocolo enuncia, como garantía de accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado, a utilización dos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación, así como a adaptación da información a modalidades accesibles como, por exemplo, a lectura fácil.

Opcións excepcionais de atendimento educativo que non parecen atender a realidade da comunidade educativa con discapacidade auditiva, nin do profesorado nin do alumnado nin do persoal da administración e servizos.

A obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas no marco escolar está a provocar un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe xestual facial e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo no seu centro educativo.

As persoas xordas fan un sobre esforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

O seu coidado precisaría do uso de máscaras transparentes, nesta altura aínda en proceso de homologación, inexplicabelmente demorada, e cun subrecusto inasumíbel (8 euros unidade). Unha proposta de protección sanitaria que si recolle o protocolo para as sesións de Audición e Linguaxe.

No entanto, atendendo ás reclamacións que nos achega este colectivo, o protocolo da Consellaría de Educación non os está a atender debidamente, pois non regula a necesidade dunha atención educativa específica para as persoas xordas dentro das identificadas como necesidades educativas especiais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que valoración ofrece o goberno galego da atención ás persoas xordas no protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais?

- Consultaron con especialistas a adaptación sanitaria e educativa do colectivo xordo para a redacción do protocolo?

- Que medidas de adaptación ten contemplado a Consellaría para co profesorado con deficiencia auditiva que até o de agora podía cumprir co seu labor docente e agora o ve impedido pola obrigatoriedade do uso da máscara?

- É consciente das demandas deste colectivo docente?

- Ten avaliado o goberno a adaptación do alumnado con discapacidade auditiva a este contexto normativo?

- Entende o goberno que con este protocolo está garantido o dereito de accesibilidade das persoas xordas ao seu centro educativo?

- Asumiría o goberno galego o custe de máscaras transparentes, unha vez homologadas, para este colectivo?

- De que medios vai o goberno da Xunta de Galiza dotar este colectivo? Vai adaptar o posto de traballo aos docentes nesta situación?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 23/10/2020 13:56:06**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/10/2020 13:56:44**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/10/2020 13:56:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno portugués vén de facer público o Programa Nacional de Investimentos 2030. O Plan prevé investimentos por valor de 43.000 millóns de euros, dos que o 50% teñen que ver con transportes e mobilidade; e deste 50% a súa vez o 50% vai destinado a infraestruturas ferroviarias.

No que ten que ver co transporte ferroviario, o goberno portugués concede interese estratéxico ás conexións entre Lisboa e Porto e entre Porto e o Miño. No caso do treito Lisboa Porto prevé un investimento de 4.500 millóns de euros mentres que na liña Porto-Vigo o Plan prevé unha primeira fase entre Braga e Valença con un investimento de 900 millóns de euros para reducir a duración da viaxe en 45 minutos.

O proxecto do goberno portugués estima que unha vez desenvolvido este plan, que ten como horizonte temporal o ano 2030, a duración da viaxe entre Vigo e Porto reducirase de 2 horas 23 minutos a 55 minutos. E a viaxe entre Vigo e Lisboa quedaría reducida a 2 horas e media.

O proxecto de modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto é unha antiga demanda que leva 20 anos de anuncios e proxectos por parte do goberno central e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

da Xunta de Galiza, sen que haxa ningunha concreción real máis alá da electrificación do treito entre o Guillarei e a fronteira portuguesa. Para que se faga realidade, é necesario impulsar o proxecto da saída sur de Vigo e estudar alternativas ao trazado da vía férrea que actualmente atravesa a vila do Porriño.

Logo de décadas de retrasos e de incumprimentos, é o momento de apostar decididamente por un proxecto estratéxico vertebrar as comunicacións entre Galiza e Portugal e potenciar o Eixo Atlántico entre Ferrol/Coruña e Lisboa como un grande eixo de comunicacións para a mobilidade de persoas e mercadorías.

Un proxecto desta natureza debe contar cun apoio decidido por parte da Xunta de Galiza e do goberno central. E tendo en conta o retraso que leva acumulado, débese traballar para que se faga realidade no menos prazo posíbel.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten coñecemento oficial o goberno galego sobre os proxectos do goberno portugués en relación coa modernización da liña ferroviaria entre Porto e Vigo?
2. Que contactos, conversas ou reunións tivo o goberno galego con representantes do goberno portugués en relación coas conexións ferroviarias entre Galiza e o Norte de Portugal?
3. Que xestións e actuacións fixo o presidente do goberno galego, como Presidente da Comisión de Traballo Galiza Norte de Portugal en relación con este tema?
4. Ten coñecemento o goberno galego dalgún plan ou proxecto do goberno central sobre a modernización desta liña?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. Fixo algunha proposta ou estudo o goberno galego a respecto da saída sur de Vigo e as alternativas ao paso do tren polo medio da vila do Porriño?

6. Que propostas está desenvolvendo a Xunta de Galiza para mellorar as conexións entre Galiza e Portugal através do eixo ferroviario que conecta Ferrol/Coruña con Lisboa através do Porto?

7. Fixo algún estudo o goberno galego sobre as oportunidades e beneficios desta conexión ferroviaria?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 23/10/2020 14:07:45**

**María do Carme González Iglesias na data 23/10/2020 14:07:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 23/10/2020 14:08:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2020 14:08:11**





## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os principios reitores da política social e económica, dentro dos dereitos e deberes fundamentais ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito –gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a esas políticas activas, o Goberno galego aprobou o *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita. Este plan desenvolve unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

Cabe entender que para acadar os obxectivos previstas no plan RehaVita os orzamentos da Consellería de Medio ambiente, territorio e vivenda inclúen, entre outros, o programa 451B - Acceso á vivenda que ten como obxectivo facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, atendendo a aqueles sectores da sociedade que se atopan en condicións máis desfavorecidas, seguindo as directrices establecidas no Plan RehaVita e no Plan estatal de vivenda 2018-2021.

No orzamento do ano 2019, último dos que temos datos de execución orzamentaria, este programa estaba dotado con 28.820.000 €, que serían rebaixados, logo das modificacións orzamentarias realizadas, a 14.280.000 €.

Por si a falla de compromiso co desenvolvemento deste programa non fose evidente á vista redución experimentada no crédito inicial, os datos de execución en canto ás



obrigas recoñecidas despexan toda dúbida, xa que son 4.005.000 €. é dicir, unha execución orzamentaria de tan só un 13,9 % con respecto a o crédito inicial e un exíguo 28 % con respecto a crédito rebaixado.

Para a avaliación deste programa o propio orzamento prevé cinco indicadores e os valores que se espera acadar para cada un deles. Aos efectos que interesan nesta iniciativa, son dous os que nos preocupan:

- Vivendas de promoción pública licitadas, cun valor previsto de 3.
- Axudas concedidas para o acceso á vivenda, cun valor previsto de 3.858.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos polos que se decidiu facer unha modificación á baixa do programa 451B - Acceso á vivenda durante o ano 2019, que supuxeron unha rebaixa de 14.540.000 €?

2ª) Cal foi o valor acadado no ano 2019 polo indicador “Vivendas de promoción pública licitadas” incluído na memoria dos orzamentos?

3ª) Cal foi o valor acadado no ano 2019 polo indicador “Axudas concedidas para o acceso á vivenda” incluído na memoria dos orzamentos?

4ª) Que impacto tivo sobre os colectivos potencialmente beneficiados por unha completa execución deste programa a redución de 14.280.000 €?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2020 13:33:02**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/10/2020 13:33:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a avaliación do Plan Lía 2016-2020 de Bibliotecas Escolares.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Lía 2016/2020 de Bibliotecas Escolares foi presentado como un proxecto de desenvolvemento e dinamización das bibliotecas escolares para o fomento da lectura desde o ámbito educativo.

O Plan LÍA buscaba, no seu deseño, a integración de todas as actuacións da consellería a prol das bibliotecas escolares para a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego.

Un ambicioso plan de actuación que contaba entre os seus obxectivos principais os seguintes: dotar os centros educativos de bibliotecas activas e dinámicas acordes ao século XXI, reforzar a adquisición de competencias clave do alumnado, avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva e contribuír á construción dunha sociedade lectora.

Importantes retos e desafíos acompañaban a presentación do Plan Lía 2016/2020 co obxectivo de crear unha comunidade de centros interconectados desde as bibliotecas estábeis como corazón de cada centro educativo, auténticos laboratorios creativos de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

aprendizaxe, con vontade inclusiva, abertos ás aprendizaxes múltiples e transversais, implicando as familias nas comunidades lectoras.

Superado o cuatrienio da aplicación do Plan Lía de bibliotecas escolares para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe, cómpre coñecer o resultado da avaliación deste importante proxecto educativo a respecto da mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego.

Anualmente, desde a Asesoría de Bibliotecas veuse emitindo un informe público de avaliación dalgúns aspectos vinculados a este plan, a partir das memorias de peche de cada curso escolar de cada centro participante.

Con todo, chegado o tempo do remate do plan no período 2016/2020, e en cumprimento do establecido no punto 6 do propio plan, cómpre dar a coñecer unha valoración de obxectivos acadados, de forma semellante a como se fixo coa primeira fase do plan correspondente aos anos 2010-2015.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que avaliación presenta a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da aplicación do Plan Lía 2016-2020?

Que medidas de actuación prevé aplicar o goberno para dar continuidade á que sería a terceira fase deste exitoso proxecto educativo?

Se cronoloxicamente esta nova fase debería comprender o cuatrienio 2021-2025, cando llelo vai presentar a Consellaría aos centros educativos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/10/2020 09:38:10**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/10/2020 09:38:22**

**Daniel Castro García na data 26/10/2020 09:38:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as medidas de seguridade na caza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación dos datos de persoas feridas e falecidas como consecuencia de disparos de caza no estado español entre o 1 de xaneiro e o 6 de setembro de 2020 sitúan a Galiza como a cuarta comunidade con máis vítimas, con 47 persoas feridas e 9 falecidas. Trátase de datos moi preocupantes, máis se temos en conta que durante unha parte deste período a actividade cinexética estivo suspendida debido ao estado de alarma.

Esta situación dáse malia que a Xunta de Galiza, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellaría de Medio Ambiente financiaron con 269.000 euros a Federación Galega de Caza entre 2016 e 2020, mediante convenios que tiñan como finalidade, entre outras, a organización de actividades formativas e campañas sobre seguridade.

Por outra parte, a Lei Galega de Caza de 2013 carece de desenvolvemento normativo, de maneira que segue en vigor o regulamento do ano 2001, claramente desfasado xa que permite a actividade da caza a unha distancia superior a 100 m de vivendas, recintos deportivos e zonas recreativas e de acampada; de 250 m con respecto a lugares onde se producen concentración de persoas ou de gando. O citado regulamento





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tamén indica que “nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan “, unha redacción excesivamente ambigua e permisiva.

Desde que entrou en vigor a Lei de caza no ano 2013, a Valedoría do Pobo instou ao goberno galego a modificar a norma para garantir a seguridade da veciñanza, especialmente no caso dos camiños rurais e de acceso ás vivendas. Pola súa parte, no ano 2015 a Consellaría de Medio Ambiente anunciou a entrada en vigor de xeito inminente do novo regulamento, que segundo a Xunta ía regular de maneira máis detallada o referente ás zonas de seguridade.

Por parte de diferentes entidades e colectivos profesionais tamén se fai fincapé na importancia de facer controis de alcoholemia e de substancias estupefacientes nas actividades cinexéticas, debido ao risco derivado de usar unha arma coas capacidades físicas e mentais alteradas.

Co inicio da tempada de caza prodúcese unha especie de privatización de moitos montes e espazos públicos, de maneira que se ven restrinxidas as actividades recreativas e de lecer. Isto é particularmente evidente no caso de rotas de sendeirismo e de actividade deportiva, que se ven restrinxidas ou limitadas pola concorrencia coas zonas de seguridade das actividades cinexéticas.

Recentemente producíronse incidentes no concello de Arteixo, con disparos a escasos metros de vivendas e nunha rota de sendeirismo e de BBT sinalizada, así como o abandono de cartuchos sen detonar, sen que a administración tome medidas para evitar estes desmáns.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as estatísticas de persoas mortas e feridas por accidentes de caza en Galiza?

Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza para reducir a sinistralidade provocada pola caza?

Ten previsto o Goberno galego desenvolver regulamentariamente a lei de caza para intensificar os controis en relación co consumo de alcol e substancias estupefacientes na caza, facultando aos axentes medioambientais para realizar este labor?

Ten previsto o Goberno galego aprobar o novo regulamento da caza e adoptar medidas para garantir a seguridade nas zonas de caza, ampliar os perímetros de seguridade con respecto a núcleos habitados e vías públicas, e garantir as actividades recreativas e deportivas en roteiros e sendeiros homologados?

Por que non se aprobou o regulamento de desenvolvemento da lei logo de 7 anos da súa aprobación?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputados e deputada do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2020 10:51:11**

**Alexandra Fernández Gómez na data 26/10/2020 10:51:21**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2020 10:51:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade das augas de determinadas zonas da ría de Muros e Noia leva anos tendo consecuencias. Moito máis alá d seren cualificadas como non aptas para o baño, están as causas que provocan este dano e que se fan extensivas á riqueza marisqueira da ría.

Áreas que non cumpren cos parámetros establecidos sobre o nivel de bacterias fecais que fixa a normativa vixente e que evidencian que, a pesar dos moitos anuncios nos últimos anos por parte da Xunta de Galiza, non se teñen implementado os medios necesarios para conseguir unha mellor calidade da auga nunha zona altamente dependente da produción marisqueira.

É este un asunto tratado no parlamento galego en moitas ocasións e que, por exemplo no ano 2010, dou lugar a un acordo da cámara dunha proposición non de lei do grupo parlamentario do BNG urxindo a necesidade de desenvolver un proxecto de mellora integral do saneamento da ría de Muros e Noia.

Non entanto, o saneamento integral dista moito de estar rematado e as verteduras de augas sucias sobre a ría continúan a ocorrer con frecuencia. Tan só no





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pasado ano, Augas de Galiza identificou 163 focos de verteduras na ría de Muros e Noia, arredor de 50 deles contaminantes.

Reiteradamente, o grupo parlamentar do BNG vén chamando a atención sobre a necesidade de incrementar os investimentos en infraestruturas e depuración de augas residuais, non só dos concellos situados ao pé da ría, senón tamén en cada un dos 22 concellos que realizan verteduras á bacía do Tambre, co obxectivo de seguir mellorando a calidade da auga e preservar a produción marisqueira.

A ría de Noia recolle toda a contaminación producida nos núcleos de poboación e nas explotacións gandeiras situadas ao longo de toda a bacía do Tambre: 22 concellos que equivalen ao 20% da superficie total da provincia da Coruña e na que viven máis de 230.000 persoas.

A maioría deses concellos da bacía son moi deficitarios en canto a rede de saneamento e mesmo a Xunta de Galiza ten estudos propios que amosan que as depuradoras dos concellos de Ordes Oroso, Santiago de Compostela, Ames, Noia e Serra de Outes, todas elas con influencia directa sobre a ría, teñen un mal funcionamento. Ademais, moitos dos ríos e acuíferos desa extensa zona, que tamén rematan desembocando na ría, teñen un saneamento moi insuficiente.

E aínda hai, a maiores, outras ameazas sobre as augas da ría como a escorrentía de augas que veñen de extensións afectadas por incendios forestais e a espada de Damocles que supón a contaminación por metais pesados que xa varios estudos vinculan directamente coas drenaxes das minas de San Finx.

A falla de avance no cumprimento da Directiva Marco da Auga e, sobre todo, na afectación que ten na ría ese incumprimento, require da confluencia da vontade política e do traballo de todas as administracións. E así, a Consellería de Infraestruturas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

anunciou en xullo de 2019 o inicio da redacción do plan director de saneamento de Noia, cun prazo de execución de 10 meses, e do que ata o de agora non se volveu ter noticia.

Tamén o plan de control de vertidos da Xunta de Galiza, implantado no 2009, foi obxecto de numerosas novas de prensa para publicitar actuacións ata o 2023. E, moito máis recentemente, a mesma Consellería avanzou que dou traslado á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea de proxectos sen concretar por preto de 700 millóns de euros cos que, en parte, pretende estender os servizos de depuración e de saneamento das augas das rías.

En definitiva, plans e proxectos que non se concretan nin en áreas determinadas nin en calendarios de actuación sobre elas e que, mentres, permiten que a ría de Muros e Noia continúe a deteriorarse e que a riqueza marisqueira da zona, e xunto a ela miles de postos de traballo, se poña en perigo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Cal é a situación do tratamento e depuración das augas residuais dos concellos que realizan verteduras á bacía do Tambre? Que medidas ten a Xunta de Galiza previstas para solucionar as carencias existentes?

2.- Cantos puntos de vertido hai identificados a día de hoxe pola Xunta de Galiza á bacía do Tambre e na ría de Muros e Noia? Cal é a previsión da súa eliminación? E do remate das obras de tratamento e depuración?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Que actuacións realizou, ou vai realizar, o goberno galego no referido á contaminación por metais pesados na ría de Muros e Noia vinculada ás drenaxes das minas de San Finx?

4.- Cal é o estado no que se atopa a redacción do plan director de saneamento de Noia? Que actuacións se van poñer en marcha a curto-medio prazo sobre as directrices que marque?

5.- Que actuacións se levaron, ou se van levar, a cabo dentro do plan de control de vertidos implantado no 2009 na área que abarcan os concellos da bacía do Tambre? E nos concellos ao pé da ría de Muros e Noia?

6.- Dos proxectos trasladados pola Consellería de Infraestruturas á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, cales son os destinados aos concellos da bacía do Tambre e da ría de Muros e Noia? Con que orzamento e calendario de actuacións?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 26/10/2020 10:54:31**

**Alexandra Fernández Gómez na data 26/10/2020 10:54:41**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2020 10:54:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2020 10:54:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os convenios da Consellaría de Medio Ambiente coa Federación Galega de Caza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galiza asinou convenios coa Federación Galega de Caza por valor de 125.000 euros nos anos 2016-2020.

Os convenios asinados prevían en todas as anualidades actividades de formación, divulgación e fomento da actividade cinexética, entre elas actividades de prevención da sinistralidade, así como campañas de seguridade.

Os convenios asinados prevían tamén unha comisión de seguimento para o cumprimento do dos seus fins, así como un calendario periódico de reunións.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a consellaría de medio ambiente das actividades formativas e de divulgación realizadas ao abeiro dos citados convenios?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cantas actividades formativas se organizaron cada ano, en que datas e lugares e cantas persoas participaron en cada unha delas?
- Que persoas impartiron as citadas actividades formativas?
- Cantas reunións mantivo a comisión de seguimento do convenio en cada unha das anualidades?
- Á luz dos datos de sinistralidade na caza en Galiza, como valora a consellaría a eficacia destas actividades formativas?
- Con que criterios se seleccionan as actividades formativas e o persoal que as imparte?
- Ten previsto a consellaría manter estes convenios e o obxecto dos mesmos?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**Paulo Ríos Santomé**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2020 11:10:14**

**Alexandra Fernández Gómez na data 26/10/2020 11:10:24**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2020 11:10:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os convenios da Secretaría Xeral para o Deporte coa Federación Galega de Caza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral para o Deporte asinou convenios coa Federación Galega de Caza por valor de 144.493 euros entre 2016 e 2020.

O obxecto destes convenios foi financiar gastos xerais de funcionamento, campionatos galegos, rendemento, actividade deportiva ordinaria e “proxectos de especial relevancia” como a Supercopa Galega de Caza do Raposo.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que balance fai a Secretaría Xeral para o Deporte dos convenios asinados e dos seus resultados?
- Que campionatos galegos foron subvencionados mediante estes convenios?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera a Secretaría Xeral para o Deporte que a Supercopa galega de caza do raposo é un “proxecto de especial relevancia”?
- Ten previsto a Secretaría Xeral para o Deporte manter estes convenios e o seu obxecto o vindeiro ano 2021?
- Ten previsto o Goberno galego algunha modificación normativa para que a caza non sexa considerada unha actividade deportiva?
- Que tipo de colaboración ten a Xunta na organización ou financiamento dos campionatos de caza do raposo?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2020 11:22:32**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/10/2020 11:22:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 26/10/2020 11:22:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Consello Agrario Galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desleixo con que o Goberno galego trata todo o referente ao mundo rural e a súa articulación laboralponse de manifesto na de facto ilegalidade en que se encontra o Consello Agrario Galego que na súa composición non reflicte a realidade actual, 18 anos despois das últimas eleccións sindicais.

Coa Lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta Lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vintecatro membros, dos que doce correspóndenlle ás “organizacións agrarias máis representativas de Galiza”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Seguindo pois a Lei convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que se celebraron o 26 de maio de 2002 e determinaron como as máis representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galiza as de Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumprir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como ten previsto solucionar o funcionamento anómalo do CAG en canto á composición do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Como ten previsto medir a representatividade das distintas organizacións agrarias presentes actualmente no agro galego?
- Está a reunirse o CAG de acordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?
- Que criterios está a seguir a Consellaría do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?
- Por que non hai mesas de diálogo, xerais e sectoriais, con presenza de tódalas organizacións e entidades agrarias, en tanto non se resolve a situación falsa representatividade na que se encontra o Consello Agrario Galego?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/10/2020 12:51:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert na data 26/10/2020 12:52:06**

**María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2020 12:52:18**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a existencia dun novo gromo na residencia Nosa Señora dos Miragres en Barbadás (Ourense).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que segundo informan diferentes medios de comunicación no día de hoxe foi detectada a existencia de numerosas persoas contaxiadas por covid-19 na residencia Nosa Señora dos Miragres, na localidade de Cabeza de Vaca, no concello de Barbadás en Ourense.

Segundo a información difundida o gromo da residencia Nosa Señora dos Miragres atinxiría a 57 residentes e 4 traballadoras, que se unirían ás 6 positivos detectados hai unhas semanas. Xa que logo e como xa acontecera coa Residencia Nosa Señora de O Viso, ou de “Os Gozos” en Pereiro de Aguiar a presenza do virus non foi detectada até que afectaba a maior parte das residentes e traballadoras.

O caso da residencia Nosa Señora dos Miragres resulta especialmente elocuente do negligente proceder da administración autonómica, pois trátase dun centro de titularidade e xestión da Xunta de Galiza e que se ubica nun concello que dende hai máis dunha semana estaba suxeito a medidas de restrición da liberdade ambulatoria, de circulación e de reunión. É dicir, dende hai tempo existían datos que advertían da





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

existencia dun perigo certo de contaxio no concello de Barbadás, polo que era imperativo extremar ao máximo ás medidas de prevención e coidado nos centros situados nese concello, e dentro destes, pola especial vulnerabilidade dos residentes, no centro de maiores.

O elevado número de persoas contaxiadas por coronavirus no concello de Barbadás e no limítrofe de Ourense, sendo os primeiros de todo o estado no que se acordou o seu peche perimetral; as consecuencias letais que o virus esta a producir nas residencias de maiores da providencia de Ourense -especialmente graves na última semana- xeran unha evidente alarma social na poboación galega, incrementada polo feito de que a pesares de todas as alarmas os protocolos implementados pola Xunta de Galiza, de existiren, semellan totalmente ineficaces para evitar o contaxio naqueles colectivos máis vulnerábeis e susceptíbeis de protección.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita :

Que medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantou a Xunta de Galiza na residencia Nosa Señora dos Miragres de Barbadás?

Que medidas de prevención adicionais implantou a Xunta de Galiza no referido centro tras revelarse a singularmente afectación do virus no Concello de Barbadás, declarado de nivel 3 acordándose o peche perimetral do mesmo?

Que modificacións se introduciron no plan de prevención de riscos laborais para reducir o perigo de contaxio das traballadores?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que incrementos ou variacións experimentou o cadro de persoal da residencia Nosa Señora dos Miragres entre os meses de xaneiro, marzo, setembro e outubro de 2020?

En que datas e con que resultados se fixeron tests PCR ás residentes e traballadoras da residencia?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/10/2020 13:35:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/10/2020 13:35:46**

**María González Albert na data 26/10/2020 13:35:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 26/10/2020 13:39:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2020 13:39:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2020 13:40:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno do Estado vén de declarar o Estado de Alarma no domingo 25 de outubro, como medida para frear a segunda onda da pandemia. Esta decisión está na liña do que outros estados europeos están a realizar, con medidas similares para as zonas máis afectadas, as grandes cidades ou o conxunto do país en función do caso.

En España a situación grave que se está a producir necesita de medidas excepcionais, como xa estaban tomando algunhas comunidades autónomas para atallar na medida do posible a onda expansiva da pandemia. De feito, moitas comunidades autónomas compartiron abertamente a decisión do Goberno do Estado desta declaración, e durante as horas previas sumáronse as peticións para que así se realizase. As únicas comunidades autónomas que non sumaron os seus apoios a esta decisión son aquelas con presidentes do Partido Popular, fronte ás que si o fixeron con presidentes/as de varios partidos políticos distintos. Esta dicotomía semella unha actitude partidista nunha decisión de Estado. Un intento de bloqueo, ou dificultade, nunha situación como a actual, non parece ter sentido dada a necesaria colaboración institucional e a gravidade do escenario que vivimos.

Nestes días previos ao debate público sobre a necesidade do Estado de Alarma, ou medidas como o chamado “toque de queda”, foron valoradas polo presidente da Xunta de Galicia en termos lingüísticos e de imaxe, máis non sanitarios. Existiron numerosas reticencias públicas a apoiar unha posible decisión do Goberno de Estado, concretada neste domingo, por razóns menos relevantes que a garantía de saúde para a poboación.

As dúbidas amosadas poden contribuír, segundo apuntan moitos expertos, a diminuír a percepción do problema e a rebaixar a gravidade da situación. Estas consecuencias poderían facer que os efectos das medidas de restrición, necesarias, fosen relativizados por unha parte da poboación ao comprobar como o propio presidente da Xunta de Galicia diminúe a súa importancia entrando en debates paralelos.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o Goberno de Galicia é reticente á declaración do Estado de Alarma contribuindo a minusvalorar a gravidade do que está a suceder?
2. Que relevancia real ten a consideración terminolóxica como para que sexa un elemento decisivo para unha decisión desta importancia sanitaria?
3. Comparte o Goberno de Galicia a necesidade da declaración do Estado de Alarma?
4. Que medidas vai implementar o Goberno de Galicia, no exercicio das súas posibilidades para axustar aos marcos definidos polo Estado de Alarma?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/10/2020 14:06:30**

**Marina Ortega Otero na data 26/10/2020 14:06:38**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Como consecuencia da xubilación dunha funcionaria no ano 2012 e da xubilación de dous contratados laborais nos anos 2014 e 2015 que atendían a oficina agraria comarcal de Vila de Cruces, o servizo que se presta na actualidade é moi deficiente, con continuos peches nos últimos anos e o con horarios que non se parecen en nada aos dunha oficina de servizo público ó uso.

As baixas por incapacidade temporal ou vacacións do único funcionario que atende o servizo dous días a semana non son cubertos por outro persoal sendo habituais os carteis na porta da oficina anunciando un horario ridículo de atención ó público ou de oficina pechada.

A tenor da merma na atención nesta oficina os gandeiros e gandeiras vense obrigados a desprazarse a outras oficinas da comarca como Silleda ou Lalín ou volver outro día para ser atendidos.

Todo isto ocasiona prexuízos aos/ás agricultores/as e gandeiros/as do concello e que os mesmos asuman como algo normal os desprazamentos a outras oficinas comarcais para facer os seus trámites.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que explicacións pode dar o Goberno galego sobre o desmantelamento nos seus servizos que está a sufrir a oficina agraria de Vila de Cruces?
2. Cando o Goberno galego vai a dotar de persoal cualificado á oficina agraria comarcal de Vila de Cruces impedindo o desmantelamento da mesma?



3. Cando o Goberno galego vai a corrixir as barreiras arquitectónicas existentes na oficina agraria de Vila de Cruces, atendendo a idade da poboación deste concello?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/10/2020 14:22:36**

**Martín Seco García na data 26/10/2020 14:22:46**

**Julio Torrado Quintela na data 26/10/2020 14:22:56**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Un dos problemas que vén padecendo o Concello de Monterroso en cuestión de tratamento de augas residuais é a incapacidade da estación depuradora para asumir a cantidade de augas que lle chegan, e isto agrávase en época estival.

A dita estación depuradora non é capaz de asumir a cantidade de augas residuais que recibe, o que supón un problema especialmente grave durante a época do verán onde as tormentas e as choivas torrenciais son máis frecuentes despois dunha época de seca.

Ao longo destes últimos anos vimos na prensa esa imaxe na que miles de troitas do río Ulla, ao paso por Monterroso, aparecían mortas.

A estación depuradora foi construída hai 25 anos aproximadamente para dar servizo a unha vila que experimentou un crecemento urbanístico moi grande, incorporando tamén á rede de augas residuais as do centro penitenciario, o parque empresarial e tamén a conexión dalgunha parroquia próxima á capitalidade municipal, quedando, polo tanto, obsoleta e sen capacidade suficiente para tratar a cantidade de residuos que chegan á planta co conseguinte risco medioambiental que isto supón.

O que coñecemos é que o Concello adquiriu os terreos necesarios para a ampliación da EDAR poñéndoo a disposición do Organismo Autónomo Augas de Galicia e que a Xunta de Galicia iniciou a redacción do correspondente proxecto en 2015, obtendo un informe ambiental favorable. Pero dende aquela ata a data de hoxe nada máis se soubo.



O Grupo Parlamentario Socialista presentou nos últimos anos emendas, aos orzamentos da Xunta para que se establecese unha partida orzamentaria que recollese esta vella demanda dos veciños e veciñas de Monterroso, que non foron atendidas.

A ampliación da EDAR de Monterroso é unha demanda básica en cuestión medioambiental e moi necesaria en aras a conservar tamén o medio natural, en definitiva, para protexer a flora e a fauna do río Ulla.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

En que estado se atopa o proxecto para a ampliación da EDAR de Monterroso?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/10/2020 11:32:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/10/2020 11:32:50**

**Pablo Arangüena Fernández na data 26/10/2020 11:33:04**

**Paloma Castro Rey na data 26/10/2020 11:33:23**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os portos de Burela e de Celeiro combinan actividade pesqueira, tráfico de mercadorías e náutica de recreo. Ademais ambos sitúanse entre os tres portos máis relevantes no organismo que os xestiona e do que dependen que é Portos de Galicia.

Os usuarios destes portos contan que cada un tiña asignados 5 gardamuelles, pero que agora están activos 3 ou 4. Estas vacantes nos ditos cadros de persoal de gardamuelles están a provocar protestas nos portos mariñáns, protestas que foron realizadas tanto ante a Consellería do Mar como ante Portos de Galicia, emprazando a Portos de Galicia á cobertura das praza de gardamuelles agora vacantes.

Sen videovixilancia nestes portos estes traballadores teñen encomendado o control das instalacións portuarias. Ademais de funcións como ordenación dos atraques pesqueiros, dos mercantes e das embarcacións recreativas, así como o establecemento de vehículos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cal ou cales son os motivos polos que existen prazas vacantes de gardamuelles nos portos da Mariña lucense de competencia autonómica?
- 2ª) Ten pensado Portos de Galicia restituír o servizo de gardamuelles con todos os profesionais que sobre o papel teñen asignados os portos da Mariña lucense de competencia autonómica?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/10/2020 14:02:10**

**Julio Torrado Quintela na data 26/10/2020 14:02:23**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A rehabilitación de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia forma parte das actuacións previstas no Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (*Plan Rehavita*).

Aínda que este plan pode considerarse temporal e politicamente rematado, visto o anuncio realizado pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no Parlamento de Galicia ao anunciar un novo pacto social pola vivenda para os vindeiros cinco anos, parece que xunto co resto das actuacións previstas non se pode cualificar, nin de lonxe, como un éxito.

Sintetizando o que a propia literatura do plan expón, a necesidade permanente de rehabilitación cumpre, entre outros, cos obxectivos de manter a poboación en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de mellora, conservar o patrimonio residencial construído, mellorar as condicións de vida, reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos e facer máis eficientes dende o punto de vista do consumo enerxético as vivendas rehabilitadas.

Como sabemos, a concordancia entre as declaracións que se poden facer sobre as intencións de desenvolver determinadas políticas e o que se fai atópase nos orzamentos públicos e no seu grao de execución; non se trata só de consignar cantidades concretas, máis ou menos elevadas, se non da xestión que se leve a cabo desas cantidades.

Os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inclúen o denominado programa 451A - Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda que ten como obxectivo fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción.



No ano 2019, último do que coñecemos a execución orzamentaria, este programa tiña un orzamento inicial de 49.005.000 € que posteriormente serían incrementados ata os 54.803.000 €. As obrigas recoñecidas foron 32.617.000 €, do que se conclúe que se deixaron sen executar 22.186.000 € ou, o que é o mesmo, practicamente o 40,5 % do orzamentado non foi executado.

Por outro lado, os indicadores asociados para avaliar o cumprimento deste programa prevén os seguintes valores:

- Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación: 52
- Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda: 2.445

A deficitaria execución de calquera programa orzamentario pode ter distintas causas, entre outras, unha incorrecta consignación inicial ou unha xestión inadecuada del; en todo caso, esa deficiencia debe ser analizada dentro do propio Goberno e explicada en sede parlamentaria, posto que estamos a falar dunha elevada cantidade de recursos públicos que deberían ter sido aplicados a unha política de vivenda esencial.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos polos que as obrigas recoñecidas correspondentes ao ano 2019 foron 32.617.000 € deixando sen executar 22.186.000 €?

2ª) Cal foi o valor acadado no ano 2019 polo indicador “Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación” incluído na memoria dos orzamentos?.

3ª) Cal foi o valor acadado no ano 2019 polo indicador “Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda” incluído na memoria dos orzamentos?.

4ª) Fíxose unha avaliación do impacto que tivo o feito de deixar sen executar 22.186.000 € no ano 2019 dentro deste programa?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/10/2020 13:01:30**





**Patricia Otero Rodríguez na data 26/10/2020 13:01:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de adoptar medidas para revertir a situación de precariedade laboral imposta á mocidade galega.

### Exposición de motivos

A mocidade galega vive actualmente unha situación de emerxencia en canto ao emprego xuvenil, cunhas taxas de desemprego moi elevadas, grandes dificultades para acceder ao seu primeiro emprego, nomeadamente para mozas e mozos con titulacións en Formación Profesional ou Universitaria e cunhas condicións laborais totalmente precarias para as mozas empregadas.

Este contexto tan desfavorable para o futuro, e presente das mozas galegas tradúcese na imposibilidade de acadar unha independencia económica de facto, coa que ser quen de por en marcha os proxectos vitais das persoas e construír un futuro propio. Tradúcese tamén na quase obriga de escoller o camiño da emigración, na última década emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, das que 79.529 eran mozos e mozas de 16 a 29 anos, por falta de oportunidades laborais no noso país (segundo datos oficiais do INE). Unha emigración forzada para tentar optar a un traballo nunhas condicións menos precarias que nos permitan acadar a emancipación económica.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A condición periférica e subordinada da economía galega, a destrución de parte importante da base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e do aumento da emigración.

Os últimos datos da EPA (2º trimestre de 2020) amosan uns datos preocupantes para a nosa mocidade, cunha taxa de desemprego do 26,1% nas mozas entre os 16 a 29 anos, que vai en aumento nos últimos anos e que se acentúa no contexto da crise sanitaria. A EPA recolle tamén o alcance da destrución de emprego xuvenil nos últimos anos, pasando de 371.500 ocupadas e ocupados de entre 16-34 anos a finais de 2009 a apenas 199.800 no II trimestre deste ano. Unha destrución por volta do 46% dos postos de traballo ocupados pola mocidade.

A isto hai que sumarlle a problemática crónica da emigración xuvenil no noso país, que virían a engrosar esa porcentaxe de desemprego até situalo en valores de extrema emerxencia, ademais do aumento dos contratos por horas que deturpan as estatísticas tanto do total dos contratos asinados como as afiliacións á Seguridade Social. A emigración xuvenil, que na práctica é unha expulsión forzosa pola falla de oportunidades laborais na propia terra, é un dos factores que en maior medida explican que no período 2009-2019 a poboación activa de entre 16 e 34 anos retrocedese en Galiza por volta de 191.600 persoas (datos da EPA).

As mozas que si teñen traballo fano, nunha amplísima porcentaxe, con tipoloxías de contratos temporais tanto a xornada completa como en xornada parcial, sendo esta última a que está a medrar dun xeito dramático.

Neste ano 2020 a mocidade galega asinou preto de 118.000 contratos de traballo, dos cales só o 7,2% foron contratos indefinidos totais ou parciais, mentres que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

os contratos de traballo temporal constitúen o 90,6% do total dos contratos asinados, segundo datos extraídos do Instituto Galego de Cualificacións.

A chegada da crise da COVID-19 non fixo máis que agravar o estado no que, a mocidade galega, nos atopábamos a nivel laboral. A pandemia viu a precarizar aínda máis os traballos das mozas deste país, afondando na temporalidade e parcialidade dos contratos laborais, a aceleración das novas formas de explotación, como as falsas autónomas ou a normalización do teletraballo, o cal xera aínda máis precariedade nas condicións de traballo da mocidade galega alén de xerar consecuencias nocivas para a saúde mental e física das traballadoras, como empezamos a coñecer.

A destrución de emprego xerada pola pandemia vai ter unha importancia capital para a mocidade galega, xa que son moitas as mozas deste país que traballan de forma temporal e precaria no sector servizos, moitas delas en situación de ERTE na actualidade.

Esta situación de precariedade laboral e temporalidade xeneralizada é totalmente inasumíbel para un país que pretenda darlle un presente e un futuro digno á súa mocidade, única vía para ter un país próspero e afondar na mellora material da vida do seu pobo.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta escrita:

1) Como se valora a situación laboral da mocidade galega por parte do Goberno Galego?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2) Existe a vontade de garantir traballo digno en Galiza para a mocidade galega por parte do Goberno Galego?

3) Que plans específicos se están a proxectar ou desenvolver para paliar a precariedade laboral na mocidade?

4) Considérase asumíbel a temporalidade xeneralizada nos contratos de traballo que asina a mocidade galega?

5) Dada a situación no emprego da mocidade galega, o Goberno Galego valora que o actual Plan de emprego para a mocidade esta cumprindo os obxectivos polo cal foi creado?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2020 20:41:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 26/10/2020 20:41:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2020 20:45:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2020 20:45:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a protección do patrimonio cultural galego existente en coleccións particulares.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza é a base normativa fundamental en que se asenta o compromiso irrenunciábel co noso patrimonio cultural, desde unha vontade política que debe velar pola conservación do máis alto valor cultural colectivo que é o patrimonio material e inmaterial, alicerce da identidade galega.

Unha responsabilidade determinada polo Estatuto de Autonomía ao afirmar no artigo 32 que lle corresponden á Xunta de Galiza as competencias plenas referidas á defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

O patrimonio cultural é un valor en si propio e o seu estudo, conservación, catalogación, difusión, fomento e acrecentamento representa un exercicio de dignidade colectiva. É por iso que o patrimonio cultural é un pilar fundamental na construción da necesaria cohesión social e o desenvolvemento sustentábel.

O artigo 5 da Lei 5/2016 fixa o dereito da cidadanía ao acceso, coñecemento e disfrute, así como á transmisión e á divulgación social do patrimonio cultural galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mais tamén a obriga de cumprir os deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural, así como a actuar coa dilixencia debida no seu uso.

O artigo 32 da devandita lei apela ao deber de conservación do patrimonio por parte das persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias ou titulares de dereitos sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galiza.

Con todo, contamos no noso país con pequenas coleccións, con vontade museística, en mans de particulares, sen protección xurídica, que están expostas ao devir vital dunha persoa ou familia en concreto, ao seu deterioro e consecuente risco de desaparición para o repertorio cultural patrimonial galego.

O coñecemento destes arquivos e coleccións privadas non deben permanecer á marxe da necesaria atención e coñecemento que permita valorar o seu nivel de protección e inclusión, de ser o caso, no rexistro do catálogo patrimonial galego recoñecido e protexido.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedor o Goberno da Xunta de Galiza da localización destes pequenos museos e coleccións en mans de particulares que mesmo ofertan a posibilidade de seren visitados?

- É consciente o Goberno galego de que este patrimonio cultural colectivo, nalgúns casos con pezas únicas, non conta con protección xurídica e polo tanto corre o risco de desaparecer ao non estar oficialmente catalogado e protexido?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que medidas de actuación propón a Xunta de Galiza para a conservación deste patrimonio material?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2020 09:41:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/10/2020 09:41:36**

**Daniel Castro García na data 27/10/2020 09:41:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o destino das achegas ofrecidas ás avogadas da quenda de oficio

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a reiterada solicitude de, entre outros, o Consello da Avogacía Galega de que se auxiliase as traballadoras autónomas, entre os que se atopan a meirande parte da avogacía galega, a Xunta de Galiza ofreceu “a doazón” dunha cantidade a cada unhas das persoas inscritas na quenda de oficio.

A quenda de oficio é un sistema de provisión de avogado ou avogada para aquelas persoas que non o designaren, malia ser preceptivo. Servizo que, organizado dende os colexios profesionais, inclúe ás profesionais que, cumprindo determinados requirimentos e baixo concretas condicións, voluntariamente desexen integrarse no mesmo. Xa que logo non todas as profesionais que o desexen poderían formar parte da quenda de oficio.

O devandito ofrecemento foi rexeitado polo Consello da Avogacía Galega ao considerar que, o meritado ofrecemento (realizado en época electoral) non viña a dar resposta á solicitude realizada, non resolvía as urxentes necesidades do colectivo representado, nin tan sequera viña a mellorar a prestación do servizo público de xustiza gratuíta. Así, dende o propio Consello da Avogacía Galega instouse á Xunta de Galiza a







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que, alén da adoptar medidas para axudas ás traballadoras autónomas, incremente ás achegas destinadas ao funcionamento e xestión da quenda de oficio, atención á detida, e do servizo de asistencia xurídica gratuíta; sen que, a día de hoxe, conste resposta algunha.

Resulta dificilmente comprensible o ofrecemento realizado e as persoas destinatarias do mesmo, só explicable pola época na que se fixeron, mais que en nada contribúen a paliar as consecuencias da pandemia nas autónomas, da avogacía en particular, nin á mellora do servizo de xustiza gratuíta.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal e a razón pola que as achegas se destinaban unicamente a avogacía inscrita na quenda de oficio?

Por que razón considera a Xunta de Galiza que a avogacía inscrita na quenda de oficio é a única ou principal prexudicada polos efectos da pandemia?

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar as cantidades destinadas á quenda de oficio, asistencia ao detido, ou ao servizo de xustiza gratuíta?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/10/2020 10:01:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/10/2020 10:01:48**

**Iria Carreira Pazos na data 27/10/2020 10:01:58**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En Galicia, dende o inicio da pandemia 374 persoas maiores perderon a vida a consecuencia da Covid-19 en centros residenciais de maiores. Achegámonos a metade do total de falecementos por coronavirus desta pandemia no contexto residencial.

Nas últimas 24 horas Galicia rexistrou **613 contaxios novos e suben os casos activos a 6.766**, o que supón o peor dato dende o inicio da pandemia. A provincia de Ourense atópase inmersa nun proceso de alerta máxima (nivel 3) motivada pola pandemia da Covid-19. Neste momento parte da provincia atópase con medidas moi restritivas e confinamento perimetral.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia en Ourense tres residencias están a sufrir contaxios masivos e de xeito abrupto, en concreto a residencia de Pereiro, o de Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira. A primeira foi intervida pola Xunta tralo contaxio de practicamente a totalidade de usuarios do centro.

Onte coñeceuse un novo centro residencial foco dun contaxio masivo, en concreto máis de 60 positivos nun só día, pero é realmente significativo que dito centro residencial é de xestión pública directa, dependente da Consellería de Política Social, na residencia Nosa Señora dos Milagres en Barbadás.

É urxente coñecer os antecedentes de actuación da consellería no propio centro antes de aparecer os contaxios. Coñecer se houbo medidas preventivas, e sobre todo medidas no incremento do persoal. Este centro residencial evidencia que a actuación da Consellería de Política Social está a fallar na forma de proceder neste contexto, polo que é urxente que se aporte toda a información en sede



parlamentaria para dar conta a cidadanía. E como non, esa información debe ser pública e incluír os datos de contaxios por cada centro de atención residencial.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas.

1.<sup>a</sup>) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, que se levaron a cabo antes dos contaxios na residencia Nosa Señora dos Milagres en Barbadás?

2.<sup>a</sup>) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente no centro?

3.<sup>a</sup>) Por que non se facilitan os datos de contaxios por cada residencia xunto os datos de contaxios totais a diario?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 27/10/2020 10:16:09**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/10/2020 10:16:21**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/10/2020 10:16:32**

**Julio Torrado Quintela na data 27/10/2020 10:16:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a xestión dos contaxios nos centros de ensino por parte do SERGAS e da Consellaría de Educación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, temos detectado no sistema educativo galego case 800 positivos sobre un total de 6500 casos activos no noso país o país. Isto supón entre un 12 e un 15 % do total de casos activos. Son varios os centros de ensino que están a denunciar problemas tras a detección de positivo nas aulas.

Estes problemas danse cando os centros de ensino cargan os datos dos positivos na aplicación EduCovid pero por parte da Consellaría de Sanidade tardan en ocasións máis de 5 días en notificar aos contactos directos destes positivos que deben realizar unha corentena.

O feito de que por parte das autoridades sanitarias non se notifiquen as corentenas ao alumnado motiva en moitos casos que os contactos directos continúen asistindo a clase por non ter ningún tipo de notificación sanitaria. En moitos outros, que o descoñecemento destes alumnos de teren que facer corentena, comporta que continúen coa súa vida normal e poñan en risco en tanto aos seus compañeiros/as como a familiares que son en moitos casos persoas de risco.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Outra das consecuencias destes retrasos nas notificacións é que as familias non teñen ningún tipo de comunicación oficial por parte das autoridades sanitarias, polo que tampouco teñen a posibilidade de negociar coas empresas as opcións ás que acollerse para conciliar o coidado dos seus fillos en corentena co seu traballo.

Outros dos problemas que están a ser denunciados por parte da comunidade educativa é a falta de coordinación entre os centros médicos de referencia para cada centro e ensino e os centros médicos do alumnado. É habitual nos centros de ensino do país que o seu alumnado reciba atención nun centro médico diferente ao que está asociado no protocolo COVID do seu centro de ensino. Estamos polo tanto ante centros educativos nos que hai alumnado adscrito a varios centros médicos diferentes ao asociado no Protocolo COVID. Esta disfunción produce graves problemas á hora de comunicar os positivos e adoptar as medidas necesarias para conter a propagación do virus.

Dende o BNG entendemos que non son admisíbeis estes retrasos e disfuncións nas notificación das medidas a adoptar tras as deteccións dos contaxios, xa que supoñen un risco evidente para o alumando e as familias.

Por estes motivos formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cre a Xunta de Galiza que son admisíbeis retrasos de máis de 5 días nas comunicacións sanitarias ao alumnado que debe gardar corentena?

Que medidas ten pensado levar adiante a Xunta de Galiza para resolver esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para resolver os problemas de coordinación naqueles casos nos que o alumnado ten un centro médico diferente ao centro adscrición Covid do seu centro de ensino?

Cre o Goberno galego, que anunciou que existen 6000 rastrexadores, que está a realizar estas notificacións sanitarias de xeito adecuado?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/10/2020 10:46:35**

**Daniel Castro García na data 27/10/2020 10:46:38**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2020 10:46:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación na que se atopan as familias con enfermidades graves coa incorporación dos seus fillos ás aulas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas semanas estamos a recibir denuncias de familias que se atopan nunha situación límite. Trátase de familias nas que un dos proxenitores ten unha enfermidade grave e avanzada (normalmente pacientes oncolóxicos en estadio graves da enfermidade) e teñen aos seus fillos e fillas en idade de escolarización obrigatoria.

A situación de saúde destes pais fai que un posíbel contaxio por COVID-19 teña moitas posibilidades de ser letal para as súas vidas. O feito de que os seus fillos e fillas se expoñan ao virus nas escolas e poidan contaxiar a estas persoas na casa, pode implicar consecuencias dramáticas para as súas vidas tal e como se establece en informes médicos destes pacientes.

Seguindo estas indicacións dos profesionais sanitarios, e ante a falta de alternativas por parte da Xunta de Galiza, moitos pais decidiron seguir estes consellos médicos e non enviar aos seus fillos a escola.

Esta decisión provocou diferentes respostas por parte da administración; dende “ver para outro lado” ata mesmo chegar á apertura de expedientes de absentismo







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

escolar a familias que tan só están protexendo a súa saúde e a súa vida nunha circunstancia extrema.

Estamos ante casos nos que se chega ao esperpento de que pais e nais que, ademais de ter que pelexar cunha enfermidade gravísima poidan ter que lidar coas ameazas de intervención da fiscalía pola apertura de expedientes de absentismo. Pais e nais que mesmo en ocasións poden estar ante os últimos momentos das súas vidas e que teñen que escoller entre a súa vida e unha escolarización de risco dos seus fillos e fillas, baixo ameaza velada mesmo de perda da custodia.

A día de hoxe o ensino supón entre o 12-15% dos contaxios do total dos casos activos (case 800 casos activos no ensino sobre un total de 6500). Estamos ante pais e nais que coa situación que padecen se ven forzados a levar aos seus fillos a centros de ensino nos que se están a producir contaxios por COVID-19 nestas mesmas semanas. Esta situación afecta a centos de familias en todo o país. (Un mínimo de 60 só na provincia de Pontevedra)

A falta de concreción na lexislación vixente e as diferentes interpretacións están a provocar diferentes respostas por parte da administración, o que sitúa a estas familias nun limbo legal e nunha desprotección que pon en perigo as súas propias vidas.

No PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA establécese no artigo 2.4 apartado b que terán a consideración de faltas xustificable a *Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.*

Así mesmo no artigo 2.4.2 establécese “*No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno”*

A pesar do disposto nestes artigos, dende as xefaturas de inspección interpretan que hai colisións con lexislación de rango superior, nomeadamente coa Lei Orgánica 8/1985, de 3 de Xullo, reguladora do Dereito á Educación; polo que están a abrir expedientes de absentismo a estas familias.

Dende o grupo parlamentar do BNG entendemos que é un contrasentido que a Xunta obrigue a estas familias a escoller entre o dereito á educación dos seus e o dereito á vida destes pacientes polo elevado risco ao que se expoñen.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai á Xunta de Galiza adoptar algunha medida para poñer solución aos problemas destas familias garantindo o dereito a educación dos nenos e nenas sen poñer en risco a vida dos seus pais ?

Considera a Xunta de Galiza que é admisíbel que familias con enfermidades graves teñan que atoparse con expedientes de absentismo abertos sen a Consellaría de educación dar ningún tipo de alternativa a estas familias?

Vai o Goberno galego adoptar as medidas necesarias para solucionar os problemas creados cos expedientes de absentismo escolar abertos a estas familias?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/10/2020 11:22:02**

**Daniel Castro García na data 27/10/2020 11:22:15**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2020 11:22:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á Estratexia da Cultura Galega 21.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de xuño de 2019 comparecía no Parlamento galego o Director xeral de Políticas Culturais para informar sobre a Estratexia da Cultura Galega 21.

Un documento que afirmaba recoller as liñas de actuación e as prioridades nas políticas culturais de Galiza e no investimento cultural público.

A multiplicidade de obxectivos que rexían a Estratexia da Cultura Galega 21 articulábanse conforme seis liñas estratéxicas:

1. Estabelecemento dun pacto social pola cultura galega.
2. Consolidación das industrias culturais e creativas de Galiza.
3. Impulso da creación, difusión e innovación da cultura.
4. Fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura.
5. Valoración do patrimonio cultural de Galiza como un recurso vivo e accesíbel.
6. Posicionamento internacional da cultura galega.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Todo un catálogo de obxectivos estratéxicos que prometían grandes mudanzas nos ámbitos creativos do país e que encamiñarían a dirección da acción do Goberno galego neste campo ao longo dos vindeiros anos.

Mudanzas no ámbito normativo de base legal; desenvolvemento de novos plans e normativas; creación de novos órganos como foros culturais periódicos, consellos sectoriais, mesas permanentes de cooperación cultural, comisións interadministrativas de coordinación e impulso da acción cultural; reforzo das unidades de produción xa existentes como o CDG, CGAC ou o CCG ou da rede de Bibliotecas Públicas; impulso do sector da música e do libro con novas actuacións de apoio á creación e difusión; difusión da produción cultural galega en centros de ensino e entre o público en xeral; promoción de avances na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galiza, son algúns dos obxectivos estratéxicos definidos.

Unha estratexia descritiva que, no entanto, esqueceu sectores importantes, como o da ilustración e a banda deseñada vinculada á industria editorial, ou toda a cultura que nace e medra ao redor do asociacionismo de base, e que en ningún momento contou cun cronograma de aplicación nin compromiso de dotación económica para as diferentes medidas rexistradas sobre o papel.

Transcorrido máis dun ano do anuncio da Estratexia da Cultura Galega 21 e após sete meses do comezo da pandemia por COVID-19, que xa ten colocado a cultura galega nun contexto de máxima preocupación provocada pola agudización dunha realidade profesional marcada pola vulnerabilidade e precariedade previa, tal e como confirmou o Consello da Cultura Galega no seu estudo intitulado Barómetro da cultura galega I, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non ten presentado ningún informe de avaliación da Estratexia da Cultura galega 21 deste tempo nin avanzada a liña de implementación do documento xenérico anunciado.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que obxectivos e medidas concretas da estratexia da Cultura galega 21 se teñen desenvolvido, após máis dun ano da súa presentación?
2. Que avaliación teñen realizado para dar continuidade ao proxecto nos vindeiros anos?
3. Responde o deseño deste documento estratéxico ao grave contexto epidémico actual ?
4. Ten previsto o goberno galego revisar e adaptar este documento ao momento sanitario actual, responsábel en boa medida da gravosa afectación e impacto negativo nos sectores culturais galegos?
5. Cal é a proposta do goberno para atender a situación tan dificultosa que atravesan os sectores representativos da cultura galega?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/10/2020 11:30:20**

**Daniel Castro García na data 27/10/2020 11:30:28**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2020 11:30:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre sobre o consultorio de Currelos no concello do Saviñao.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de O Saviñao, que conta con algo menos de 4000 habitantes, existe un Centro de Saúde na capitalía, Escairón, e un consultorio en Currelos que se encontra a uns 13km de distancia e atende a unha poboación de 700 habitantes aproximadamente.

O consultorio de Escairón sempre tivo a eiva de non contar con persoal administrativo nin celador, causando isto distorsións na asistencia á poboación, de modo que o resto de persoal tiña que facerse cargo de máis tarefas administrativas das que lles correspondería como persoal sanitario.

No Centro de Saúde de Escairón hai un médico próximo á xubilación, e dado que quen ostenta responsabilidades no SERGAS alude sempre á falta de profesionais, a poboación ten o temor de que non se cubra esta ausencia, e si se faga desaparecer esta praza. É público, tamén, que en Escairón se está a construír un novo Centro de Saúde, e que non é descartable, xunto co resto de reseñas mencionadas, que isto todo signifique o peche do consultorio de Currelos para que se manteñan 3 profesionais en Escairón a conta de afastar a asistencia sanitaria da poboación.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Concello de O Saviñao ten unha importante extensión e localidades a moita máis distancia de Escairón que eses 13 km que separan o centros de ambos pobos, podendo estar as poboacións do norte do Concello ata a 16 ou 17 km, isto xunto cunha media de idade elevada da poboación, fai que teñan dificultades evidentes para desprazarse.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que intencionalidade ten o Goberno da Xunta de Galiza de non cubrir a interinidade que vai deixar o médico que está para xubilarse?

Pensan pechar o consultorio de Currelos?

Van dotar a este consultorio de persoal administrativo, PSX, como correspondería?

Están a considerar as necesidades de asistencia sanitaria da poboación do Concello?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**  
**Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2020 12:04:15**

**Iria Carreira Pazos na data 27/10/2020 12:04:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2020 12:04:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2020 12:04:56**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade creou o denominado Comité Educativo, como máximo órgano asesor do Goberno galego en materia educativa no contexto da pandemia da covid-19.

O dito Comité Educativo, segundo a propia consellaría, está traballando nunha proposta para crear comisións provinciais de seguimento ante posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19.

A dita decisión tómase logo da constatación da existencia dun número elevado de casos na Comunidade Autónoma de Galicia de nais e pais de alumnos que demandan unha ensinanza non presencial pola existencia nos propios alumnos ou en persoas convivintes de patoloxías previas nas que o contaxio da covid-19 puidera representar un risco severo de agravamento ou mesmo ter consecuencias letais.

Segundo se traslada a través da propia páxina *web* da consellaría, estase a traballar en liña coas recomendacións da Avogacía do Estado e tamén atendendo as demandas dos propios centros.

O informe da Avogacía do Estado ao que se fai referencia realizado a petición da Subsecretaría de Educación e Formación Profesional sobre o movemento de pais que se negaban a levar aos seus fillos en idade escolar obrigatoria ao comezo do curso, como consecuencia da pandemia provocada pola covid-19, conclúe que:

1. A actual situación de pandemia non ampara, *per se*, a conduta dos pais e nais que decidan que os seus fillos non asistan a clase por temor ao contaxio. A obrigaón de asistencia a clase ten carácter xeral, tendo en conta de que o lexislador estableceu a escolarización obrigatoria no ensino básico como forma de facer efectivo o dereito fundamental de todos ao ensino, de conformidade co artigo 27 da Constitución.
2. Sen prexuízo do anterior, só cabe apreciar absentismo escolar cando a inasistencia a clase non estea xustificada. Por iso, deberá valorarse, tanto polos centros docentes como polas autoridades competentes, a situación particular de cada menor, por razóns de saúde, tanto do menor como dos seus familiares convivintes, así como a situación de evolución epidemiolóxica no momento que se trate. Estas circunstancias poden constituír unha causa de xustificación do absentismo.



Por razóns que nos son alleas, parece obviar deliberadamente a nova publicada pola consellaría na súa páxina *web* o día 20 de outubro de 2020 que a Valedora do Pobo lle remitiu unha recomendación o día 6 de outubro de 2020, que se fixo sobre a existencia de 64 expedientes de queixa que formulaban a petición de docencia *en liña* por situacións como as que nos estamos a referir, é dicir, pola existencia nos propios alumnos ou en persoas convivintes de patoloxías previas nas que o contaxio da covid-19 puidese representar un risco severo de agravamento ou mesmo ter consecuencias letais.

Esa recomendación propón que cando se acredite nos correspondentes informes médicos a existencia dunha patoloxía de risco no alumno ou nos familiares cos que conviva, e así se solicite polos representantes legais do alumnado afectado, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade adopte as medidas de educación a distancia previstas con carácter xeral mediante as aulas virtuais, así como respecto do alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión de actividade presencial no conxunto da aula.

En resumo, parecen existir elementos suficientes para que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dite instrucións aclaratorias para a aplicación nestes supostos do establecido no Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, que lembremos que define o absentismo como a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria, pero que á súa vez, no seu apartado 2.4.1 establece que teñen a consideración de faltas xustificables unha serie de tipoloxías, engadindo no punto 2 dese mesmo apartado que quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non, para outras causas distintas das enunciadas no punto 1.

Entendemos que o protocolo ten flexibilidade suficiente para a súa aplicación nos supostos que nos ocupan e que non é necesario dilatar a adopción de solucións encargando ao Comité Educativo a creación de comités provinciais para analizar unha situación que require unha resposta inmediata e que se pode dar cunhas instrucións claras aos centros que garantan un tratamento uniforme dos casos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Que razóns xustifican que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade decidise crear comisións provinciais de seguimento ante posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19?

2ª. Entende que tanto o informe da Avogacía de Estado como a recomendación da Valedora do Pobo non son suficientes para que se diten instrucións aclaratorias aos centros educativos para a aplicación, por parte das direccións dos centros, da existencia de circunstancias excepcionais para a consideración de faltas xustificadas naqueles



casos nos que os propios alumnos ou en persoas convivintes estean afectados por patoloxías previas nas que o contaxio da covid-19 puidese representar un risco severo de agravamento ou mesmo ter consecuencias letais?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/10/2020 11:51:19**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/10/2020 11:51:33**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, nun foro con empresarios creado como escaparate publicitario, anunciaba os catro proxectos tractores e os tres plans transversais cos que o Goberno galego pretende optar ao fondo europeo de recuperación trala covid-19. Falábase nese anuncio do investimento de 3.200 millóns de euros e a creación de 18.000 postos de traballo.

Entre os catro proxectos tractores, enumeraba, a implantación dun centro para o impulso da economía circular, que incluía un centro de xeración de biogás e unha planta de fertilizantes, a creación dun centro de fabricación de fibras téxtiles sostibles a partir da madeira, a instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde e a instalación de 1.000 MW de nova potencia eléctrica en renovables, para cubrir as necesidades enerxéticas dos tres proxectos anteriores.

Os tres plans transversais, anunciados para apuntalar o desenvolvemento dos proxectos principais eran, cadeas loxísticas sustentables para o transporte, un centro de innovación en tecnoloxías renovables de hidróxeno e un laboratorio dixital para profundar nos sistemas 4.0.

Estes proxectos tractores e plans transversais, foron comunicados aos medios de comunicación o 15 de outubro, cando a anunciada Comisión Interdepartamental para promover e planificar os proxectos cos que Galicia optará a ser beneficiario dos fondos europeos, botara a andar dous días antes. A dita comisión anunciouse que será a encargada de validar os proxectos e a xestión administrativa corresponderalle a unha nova unidade de proxectos tractores dentro do Igape, entidade que demostrou ata o momento unha falla de operatividade na xestión e pouco útil como instrumento válido para actuar fronte a crise industrial que padece Galicia dende hai anos.

O Parlamento de Galicia, non tivo, nin ten a día de hoxe información sobre as ditas iniciativas, nunha falla de respecto do Goberno da Xunta de Galicia á cidadanía galega, pero tampouco se trataron os ditos proxectos cos axentes sociais e sectores implicados neste desenrolo. Así que carecemos de máis información que os titulares dados aos medios de comunicación e un suposto



investimento e xeración de postos de traballo que non podemos valorar, sen coñecer os proxectos anunciados.

Galicia, despois de 12 anos do actual Goberno da Xunta de Galicia, incapaz para desenvolver o noso tecido industrial e cunha política económica marcada pola pasividade, que causou unha constante perda de peso do noso país no conxunto da economía estatal, un avellentamento da nosa sociedade e unha fuxida da nosa xuventude cualificada cara ao exterior, xógase moito con estes fondos europeos, que poderían supoñer un relanzamento ou un estancamento que non podemos permitírnos.

A inmensa oportunidade xerada pola consecución destes fondos europeos para a reconstrución, por parte do Goberno do Estado, debería de se tratar máis profundamente, entre os sectores afectados e a sociedade, tendo en conta que Galicia necesita dunha transformación da súa economía, despois do fracaso destes 12 anos de goberno, cunha política económica errática e sen un estudo e posta en valor das nosas capacidades, que xerou a perda dunha alta porcentaxe de fondos que podían chegar de Europa, derivada da falla de aplicación dos diferentes programas europeos.

Polo anteriormente o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego fomentar a participación neste importante traballo aos axentes económicos e sociais de Galicia, así como investigadores e universidades?

2ª) Cando vai trasladar o Goberno galego a información anunciada respecto dos proxectos que van optar aos fondos europeos asociados á reconstrución aos representantes no Parlamento de Galicia?

3ª) Cales son estudos realizados polo Goberno galego para estimar a creación de 18.000 postos de traballo con estes proxectos?

4ª) Ten acordado con empresas privadas o desenvolvemento dos ditos proxectos?. Cales son?

5ª) Cal vai ser a estrutura e mecanismos da nova unidade do Igape para estes proxectos tractores, despois da incapacidade ata o de agora mostrada pola dita entidade para atender a crise do sector industrial en Galicia?





Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 27/10/2020 17:28:27**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 27/10/2020 17:28:45**





## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertidos nos documentos con números de rexistro: 4294, 4295, 4296 e 4297.

Na pregunta 1ª) dos ditos documentos, onde di: “Ten previsto o Goberno galego fomentar a participación neste importante traballo aos axentes económicos ...”, debe dicir: “Ten previsto o Goberno galego fomentar a participación neste importante traballo dos axentes económicos ...”

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 27/10/2020 18:17:43**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 27/10/2020 18:18:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Sabido é por todas e todos que un simple signo ortográfico, sexa unha humilde coma ou ben un modesto acento poden modificar completamente o que queriamos expresar e levar á equivocación á quen vai dirixido.

Os pensamentos que materializamos tanto nun soporte físico coma de xeito oral están construídos con palabras. De aí que a novelista e membro da Real Academia Española Ana María Matute dixera que: *“A palabra é a arma dos humanos para aproximarse uns aos outros”*.

Mais coma en todas as actividades do ser humano sempre pode xurdir, producirse un problema voluntario ou involuntario. Unha letra omitida ou mal colocadas pode tirar por terra aquilo que queremos expor.

Isto é o que lle acontece á veciñanza dun concello de Ourense, que ve como o Nomenclátor de Galicia recolle incorrectamente “A Terrachá”, cando o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega propón “A Terrachán” sobre o topónimo de Entrimo.

O Seminario de Onomástica da Real Academia, que na actualidade asume as funcións de ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia, encargadas de ditaminar as formas correctas da toponimia galega, revisou xa no ano 2014 o topónimo e corrixiu o erro.

Este cambio foi trasladado xa hai tempo a Xunta de Galicia, que é a que ten a autoridade sobre a toponimia e que ten que aprobar as modificacións do Nomenclátor por decreto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia non ten corrixido no Nomenclátor de Galicia, os erros, dos topónimos, detectados polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega no ano 2014?
2. Cando se vai a levar a cabo polo Goberno de Galicia as correccións instadas polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, actualizando así o Nomenclátor de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Noa Díaz Varela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/10/2020 18:26:40**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/10/2020 18:26:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/10/2020 18:26:57**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do río Eume.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente episodio de turbidez e contaminación do río Eume, que entre outras consecuencias provocou a interrupción do subministro de auga a Pontedeume, é tan só a punta do iceberg dun grave problema ambiental que sofre este río e a súa bacía debido principalmente á contaminación provocada pola actividade de ENDESA, unha situación que se foi agravando ao longo dos anos coa pasividade cando non convivencia da Xunta de Galiza.

Se ben o goberno galego agora semella reaccionar con rapidez e mesmo con unha aparente contundencia, anunciando tanto investimentos na mellora do abastecemento como á apertura dun expediente sancionador e un plan de seguimento sobre o estado do río, a realidade é que foi o goberno galego quen ao longo dos anos permitiu a degradación, a contaminación e o deterioro do río e do encoro da Capela, que explota a empresa Endesa baixo o réxime de concesión.

A grande acumulación de lodos no citado encoro e a enorme cantidade de depósitos de residuos ao longo do leito do río, co lixiviado de augas contaminadas, pon de relevo un problema ambiental de grande magnitude, que foi denunciado desde fai





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tempo por organizacións ecoloxistas e que saíu á luz nas últimas semanas a raíz da forte baixada do nivel das augas do encoro.

Con respecto aos antecedentes deste grave problema ambiental compre salientar os seguintes:

- A Xunta de Galiza asinou senllos pactos ambientais coa empresa ENDESA, nos anos 2005 e 2012, que supostamente prevían actuacións de mellora ambiental no río.

- O convenio de 2012 prevía a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a “recuperación ambiental do río Eume”. Neste marco incluía unha actuación denominada “Proxecto de modernización dos desaugadoiros do fondo da presa do Eume”, coa retirada de 1.350 m<sup>3</sup> de lodos e sedimentos, actuación que tiña un orzamento previsto de 5.784.653 euros e que supostamente podería estar relacionada co último episodio de contaminación e turbidez. No seu día, a asociación ecoloxista ADEGA advertiu dos riscos desta actuación e da necesidade de caracterizar estes sedimentos polo seu potencial contaminante para a saúde e o medio.

- Tanto ADEGA como EMS-Ríos e o colectivo ecoloxista Terra advertiron ao longo da pasada década da grave situación ambiental do río e da necesidade de realizar análíticas e mostraxes suficientemente representativas ao longo de toda a canle do Eume e na ría, incluído a monitorización de bivalvos dos bancos marisqueiros.

- A Xunta de Galiza iniciou en novembro de 2012 a redacción do Plan Territorial Integrado da conca do Eume, co obxectivo de facer unha análise coordinada e transversal das políticas da Xunta na conca do Eume, con 55 km<sup>2</sup> de superficie. Os concellos incluídos dentro do ámbito do Plan Territorial Integrado eran Pontedeume, Cabanas, Vilarmador, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas e As Pontes na





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

provincia da Coruña; e Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba e Abadín na provincia de Lugo. O Plan debería ser formulado e impulsado pola Consellaría de Medio Ambiente, coa dirección conxunta do Instituto de Estudos do Territorio e do organismo autónomo Augas de Galicia, mais a realidade é que nunca foi realizado.

- Tampouco viu nunca a luz o Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural das Fragas do Eume, malia que súa elaboración e aprobación foi anunciada en varias ocasións ao longo da última década.

O pasado 19 de outubro o grupo parlamentar do BNG solicitou ao goberno galego, ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento, a documentación sobre as actuacións realizadas no marco do Pacto Ambiental, así como todos os contratos relacionados coa contaminación do Eume.

Asemade, diante da extrema gravidade da situación, nesa mesma data, o grupo parlamentar do BNG solicitou a comparecencia en Pleno das conselleiras de Medio Ambiente e de Infraestruturas, así como as comparecencias na comisión de medio ambiente da Directora Xeral de Conservación da Natureza, da Directora Xeral de Calidade Ambiental e da Directora de Augas de Galicia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que actuacións realizou a Xunta de Galiza desde o ano 2009 para a mellora da situación ambiental do río Eume?

- Que actuacións de mellora ambiental do río Eume se realizaron no marco do Pacto Ambiental asinado con ENDESA en 2012 e cal é o seu orzamento e investimento?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cal é o estado de execución do “Proxecto de modernización dos desaugadoiros do fondo da presa da Capela e que investimento se destinou a esta actuación?
- Que caracterización se fixo dos lodos e depósitos do fondo da presa e cal é o seu potencial risco para o medio e a saúde?
- Que análises fixo a Xunta de Galiza e cales foron os resultados en canto á súa caracterización, sobre os depósitos e os escoamentos no leito do río Eume augas arriba do encoro?
- Que actuacións está realizando ou realizou a Xunta de Galiza para o coñecemento e seguimento do estado ambiental do río, cal é o seu custo e que empresa ou empresas foron contratadas para facelas?
- Que estudos, análises e plan de seguimento ven realizando e está a realizar a Xunta de Galiza sobre os recursos pesqueiros e os bancos marisqueiros da zona?
- Cal é o estado de tramitación do expediente sancionador aberto e cales son as infraccións detectadas?
- Cal é o estado de tramitación do Plan Territorial Integrado da conca do Eume e cal foi o custo desta actuación?
- Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coa aprobación do Plan Reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume?
- Que actuacións e investimentos ten previsto realizar o goberno galego para a protección, conservación, descontaminación e rexeneración do río Eume e a súa bacía?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Ramón Fernández Alfonzo**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**Paulo Ríos Santomé**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/10/2020 12:36:43**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 28/10/2020 12:36:54**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/10/2020 12:37:05**

**Alexandra Fernández Gómez na data 28/10/2020 12:37:11**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do gromo detectado na vivenda comunitaria Remanso de paz da Fonsagrada

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comunicou a existencia dun gromo detectado na vivenda comunitaria Remanso de paz da Fonsagrada no que oito persoas usuarias deron positivo, o 100% --segundo os datos dos que dispón o Bloque Nacionalista Galego-- das residentes.

O gromo estaría ligado co foco orixinado nese concello en relación a un enterro e que atinxe un número importante de veciñas e veciños, tanto familiares da persoa finada como contactos destes. Malia todo, até o 28 de outubro nos mapas que a Xunta de Galiza difunde sobre a evolución da pandemia, a Fonsagrada continuaba en verde. Non foi até ese mércores (28 de outubro) que mudou a situación epidemiolóxica para a Xunta, aínda que o xerente da área sanitaria de Lugo afirmaba que estaba “controlado”.

Grave é que a totalidade de residentes dunha vivenda comunitaria destinada á atención de persoas maiores dean positivo, porén, aínda é máis preocupante tendo en conta que este espazo é propiedade da mesma persoa que as vivendas situadas na Pobra de Burón pechadas pola propia Xunta de Galiza en abril de 2020 após detectar o goberno galego síntomas de maltrato en 29 residentes.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación da vivenda comunitaria Remanso de paz da Fonsagrada en canto á COVID-19?

- Cantas persoas deron positivo entre usuarias e persoal?

- Cando detectou a Xunta o gromo e que medidas adoptaron para previr a expansión do virus?

- Cantas probas PCR realizou na Fonsagrada a Xunta de Galiza? Que taxa de positividade rexistrou?

- É titular do Remanso de paz a mesma persoa que o era das vivendas da Pobra de Burón?

- De ser así, como unha persoa investigada por suposto maltrato ás usuarias e usuarios doutras vivendas comunitarias pode continuar xestionando un servizo destas características?

- En que situación se atopa a denuncia iniciada nas vivendas da Pobra?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/10/2020 13:19:20**

**Iria Carreira Pazos na data 28/10/2020 13:19:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2020 13:19:38**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2006 o Goberno socialista crea a *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, máis coñecida coma “Lei de dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia. Tratouse dun dos piares máis importantes dos avances na igualdade de oportunidades e nas políticas sociais da historia recente do noso país.

Lamentablemente nos anos de Goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo. Os prazos que a Lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do PIA, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

En Galicia estamos lonxe de cumprir os prazos que por lei se establecen, polo que moitas persoas permanecen en agarda a que cheguen as súas resolucións sen percibir a libranza ou servizo que precisan e ao cal teñen dereito. De feito Galicia, atópase entre as dez comunidades autónomas con maiores tempos de agarda de toda España.

Ademais Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos inviste por habitante de toda España e a que máis porcentaxe percibe por parte do Estado en canto a dependencia.

A partir do 2012 a chamada Lei de dependencia sufriu recortes a través do Estado e a Xunta de Galicia cando en ambos gobernos coincidía o Partido Popular. A libranza de coidados na contorna familiar principal axuda da Lei de dependencia ata entón, foi recortada polo Goberno do PP tanto nas contías das que xa estaban resoltas, coma na posibilidade de acceso á mesma por parte de novos expedientes. O recorte nesta axuda afectou a aquelas persoas que máis grao e dependencia tiñan, os graos III, coma enfermidades dexenerativas e outras nas que a forma de vida depende en exclusiva da figura do coidador/a.



Ademais atopámonos inmersos nun momento moi complexo no contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito máis se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos II e III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias, que non só precisan dun familiar como coidador, senón que o propio familiar que exerce como tal, limita a súa actividade laboral e posibilidades profesionais, o cal xa é complexo *per se*, e que neste contexto de crise socio-económica motivada pola pandemia agravará máis aínda a situación.

Por todo elo é urxente que dende Galicia se aporten respostas e solucións a unha realidade silenciada, con recursos para atallar a situación coa maior celeridade posible.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguinte preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cales son os datos de expedientes con PIA resoltos coa libranza de coidados na contorna familiar? E dos mesmos cantos reduciron a libranza nos últimos 8 anos?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son as expectativas por parte da consellería competente respecto a esta libranza?
- 3.<sup>a</sup>) Considera Xunta de Galicia preciso e urxente reforzar dita libranza de coidados na contorna familiar?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 28/10/2020 12:14:11**





**Julio Torrado Quintela na data 28/10/2020 12:14:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En Galicia, existen actualmente (27/10/20) 7.074 casos activos por Covid-19 e continúan empeorando todas as áreas sanitarias, situación preocupante tendo en conta que o número de probas PCR descenderon notablemente nos últimos días.

O total de falecementos dende que deu comezo a pandemia é de 880 persoas. O impacto da pandemia está tomando o eido da atención residencial coma diana con 587 contaxios por Covid-19 en residencias e 383 falecementos neste contexto.

Achegámonos á metade do total de falecementos por coronavirus desta pandemia no contexto residencial.

Nas últimas horas estamos a coñecer os peores datos da pandemia en Galicia ata o momento.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia xa son moitas as residencias están a sufrir contaxios masivos e de xeito abrupto, coma O Incio, Culleredo, Outeiro de Rei, a residencia de Pereiro, o de Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira, DomusVi Ribadumia, así coma o centro residencial é de xestión pública directa, dependente da Consellería de Política Social, na residencia Nosa Señora dos Miragres en Barbadás, entre outros.

Hoxe coñeceuse un novo centro residencial foco dun contaxio masivo, en concreto a Xunta de Galicia vén de intervir a residencia xeriátrica Salvaterra, radicada no municipio de Salvaterra de Miño. Segundo informou a Xunta, un equipo de profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde está xa desprazado no centro. A medida de intervir a residencia adóptase despois de contabilizar 110 positivos por coronavirus (84 residentes e 26 profesionais).



É urxente coñecer os antecedentes de actuación da consellería no propio centro antes de aparecer os contaxios. Coñecer se houbo medidas preventivas, e sobre todo, medidas concretas en canto ao incremento do persoal. A actuación da Consellería de Política Social está a fallar na forma de proceder neste contexto, polo que é urxente que se aporte toda a información en sede parlamentaria para dar conta a cidadanía. E como non, esa información debe ser pública e incluír os datos de contaxios por cada centro de atención residencial.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, para que a Administración competente decida intervir ou non un centro de atención residencial para maiores?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente?
- 3.<sup>a</sup>) Por que non se facilitan os datos de contaxios por cada residencia xunto aos datos de contaxios totais a diario?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 28/10/2020 12:14:38**

**Paloma Castro Rey na data 28/10/2020 12:15:16**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2020 13:37:17  
**Nº Rexistro: 4344**  
Data envío: 28/10/2020 13:37:17.772

**Julio Torrado Quintela na data 28/10/2020 12:15:25**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de desabastecemento de doses de vacina da gripe.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de outubro empezaba oficialmente a campaña de vacinación da gripe. Previa a esta data por parte da Xunta de Galiza realizouse unha intensa campaña facendo un chamamento á poboación a que se vacinara. Este chamamento foi realizado polos máis altos responsábeis da Consellaría de Sanidade e tamén polo propio Presidente da Xunta, e en consecuencia houbo unha alta resposta da cidadanía demandando ser vacinada.

O principal argumento para este chamamento foi a necesidade de mellorar a inmunidade fronte á gripe nun contexto de pandemia orixinada pola COVID-19 e así minimizar os contaxios e evitar o colapso do sistema sanitario

A Xunta publicitou tamén insistentemente que tiña mercado 617.500 doses ás que se ían engadir as 248.000 que por parte do Goberno español se poñían a disposición da Xunta, sumando en total 865.830 doses

Apenas transcurros uns días desde o inicio da campaña e xa foron múltiples os centros de saúde que se quedaron sen vacinas para atender ás persoas que se lles tiña dado cita. Diante desta situación é moito o malestar e a preocupación que se está





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xerando entre a poboación pola falta de previsión e a improvisación coa que está actuando o Sergas. Nun contexto como o actual, de listas de espera para acceder á atención presencial, dificultades para a atención telefónica... é inaceptábel que se sume unha nova incerteza.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón da falta de doses da vacina da gripe nos centros de saúde, despois de ter feito unha chamada masiva á poboación para que se vacinara?

Cantas son as doses dispoñíbeis?

Cal é o cronograma real para a disposición de doses, previsión de colectivos e número de persoas aos que se lles vai poder subministrar?

Está en condicións o Sergas de garantirlle a todas as persoas de colectivos de risco que van ter dose da vacina da gripe á súa disposición?

Non considera preciso realizar unha campaña informativa na que se lle clarifique xs galegxos cales son os colectivos prioritarios para subministrarlles a vacina da gripe e así evitar falsas expectativas na poboación xeral?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**  
**Iria Carreira Pazos**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2020 13:54:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/10/2020 13:54:51**

**Iria Carreira Pazos na data 28/10/2020 13:55:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A conselleira de Política Social anunciou na Sesión plenaria do 20 de outubro que xa ten dispoñibles dúas instalacións, unha en Vigo e outra en Santiago de Compostela, preparadas para ser empregadas como residencias integradas para atender ás persoas maiores infectadas por covid-19 no caso de que a situación epidemiolóxica o aconselle. De ser necesario anunciou que se porían en marcha máis centros deste tipo.

A de Santiago de Compostela daría cobertura ás persoas das provincias do norte, e a do Vigo do Sur.

Segundo anunciou posteriormente en rolda de prensa o presidente do Goberno autonómico, a Xunta de Galicia concentrará ás persoas usuarias de residencias da terceira idade que dean positivo en coronavirus para que "*podan ser tratadas de forma máis medicalizada*" e cun coidado "*máis directo*". O Sr. Feijoo destacou que estes centros "*terán un control sanitario máis intenso*".

O centro escollido en Vigo foi o Bodía Boullosa Pardo de Vera, residencia privada, que estaba a punto de abrir as súas portas cando chegou a pandemia despois da rehabilitación do edificio, como residencia privada.

Desde o departamento autonómico din que é o único centro que reúne as condicións que buscan: que este adaptado para todo tipo de pacientes, incluídos os dependentes.

As instalacións están sendo preparadas para 30 ou 40 prazas. Si nunha residencia se declararan moitos casos de contaxios, como foi o caso de Domus Vi de Barreiro ou Aldán, serán intervidas no seu conxunto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal vai ser o modelo de xestión, tendo en conta que é unha residencia privada?
2. Como se vai controlar o correcto cumprimento normativo?
3. Con dúas residencias destas características en toda Galicia (Santiago de Compostela e Vigo), creen que van paliar os efectos desta segunda vaga da covid-19 nas residencias de maiores de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez  
Leticia Gallego Sanromán  
Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/10/2020 16:33:05**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/10/2020 16:33:15**

**Marina Ortega Otero na data 28/10/2020 16:33:21**

**Julio Torrado Quintela na data 28/10/2020 16:33:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A campaña da gripe ten, este ano 2020, unha importancia fundamental dada a situación de pandemia provocada pola covid que estamos a vivir. A necesidade de ter unha alta taxa de vacinación, pero nas circunstancias que está a atención primaria con consultas saturadas, supón un problema para organizar e executar as labores de vacinación.

Ante isto, a Xunta de Galicia fixo unha campaña de chamada á vacinación, advertindo de que tiña todos os recursos preparados e dispoñibles para facelo correctamente nas mellores condicións posibles.

Non en tanto estanse a coñecer abundantes casos de ausencia de vacinas para a poboación que a está a demandar e que precisa de vacinarse. Esta campaña de vacinación, non en tanto, debería ter un funcionamento especialmente optimizado en recursos, protocolos e persoal dispoñible.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É certo que están existindo problemas coa campaña de vacinación da gripe pola ausencia de doses de vacinas para a poboación que a demanda e necesita?
2. Cantas doses de vacina da gripe foron adquiridas pola Xunta de Galicia para esta campaña de 2020?
3. Realizou a Xunta de Galicia algunha contratación extraordinaria para a campaña de vacinación da gripe 2020?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/10/2020 16:55:56  
**Nº Rexistro: 4360**  
Data envío: 28/10/2020 16:55:56.960

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/10/2020 16:46:28**

**Marina Ortega Otero na data 28/10/2020 16:46:35**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez e Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para un dos sectores máis afectado da nosa sociedade como son os recintos feirais.

Fundada en 1998, a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) ten unha superficie de 100.000 metros cadrados, estruturada en dúas áreas divididas nun Edificio de Servizos, onde se desenvolve a maior parte da actividade dos congresos, e en 30.000 metros cadrados de pavillóns destinados a desenvolverse as feiras e espectáculos. A gran actividade de feiras e congresos, fundamentalmente en sectores tan importantes como o naval e a pesca, é hoxe un xerador constante dun importante volume de negocio para Vigo e para Galicia.

No ano 2019 o Ifevi tivo 441.625 visitantes, 2.763 expositores, 29 eventos e os recursos económicos empregados polo Ifevi foron de 1.840.314 €.

Dende o inicio da crise provocada por covid-19, marzo de 2020, só foi posible celebrar no Ifevi un evento local. A partir desa data o Ifevi non tivo a capacidade de xerar ingresos para poder contribuír ao seu mantemento debido a que non se están a facer ningún tipo de evento. Este recinto dende a súa creación finánciase con recursos propios, recibindo só unha subvención para a promoción comercial.

Esta situación ten como consecuencia que o Ifevi non pode facer fronte aos gastos fixos polo que necesitan de forma urxente axudas para salvar a súa liquidez.

A día de hoxe Ifevi non ten ningún tipo de información dende a Xunta de Galicia de canto tempo vai a permanecer pechado, si se está a traballar nalgún plan alternativo para que Ifevi poida abrir e si vai a recibir algún tipo de axudas para os gastos fixos que segue a ter. O Ifevi está nunha situación de total desinformación por parte do Goberno autonómico.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai garantir a Xunta de Galicia axudas ao Ifevi para que poida facer fronte aos gastos fixos que segue a ter, a pesar de estar pechado?
2. Ten pensado o Goberno galego redefinir a actividade do Ifevi mentres dure a crise sanitaria provocada pola covid-19?
3. Vai dar explicacións a Xunta de Galicia de canto tempo se vai manter pechado o Ifevi? Que medidas se van tomar?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Isaura Abelairas Rodríguez  
Martín Seco García  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/10/2020 16:40:49**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/10/2020 16:40:56**

**Martín Seco García na data 28/10/2020 16:41:06**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Camiño dos faros é unha ruta de sendeirismo ao borde do mar que discorre dende Malpica ata Fisterra, pasando por todos os faros ao longo dos 200 km nos que atravesamos ata 9 concellos das comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte. Nesta ruta, os sendeiristas poden desfrutar de moitas paisaxes diferentes, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste, descubriendo praias, dunas, acantilados, estuarios con gran cantidade de aves, mares de granito, portos pesqueiros, miradoiros, ríos, aldeas, postas de sol e restos arqueolóxicos.

Esta ruta, que está composta de 8 etapas, cunha media de 9 horas por etapa, foi descuberta por catro amigos practicantes de sendeirismo que decidiron limpala e poñela a punto, para que preto duns 15.000 a 20.000 visitantes ao ano desfruten do seu percorrido.

Dende o ano 2012 e pese a non contar co recoñecemento oficial para ser obxecto de promoción por parte das administracións, logrou consolidarse en toda Europa, onde é comercializada por axencias de Inglaterra e Alemaña e aparece en máis de 50 folletos de *touropedores*, esta ruta foi de interese para revistas tan prestixiosas como Forbes ou o Washington Post, que lle dedicou unha portada, o que fala do éxito acadado pola Asociación sen case recursos, máis que o cariño pola súa afección e a posta en valor do patrimonio da súa terra.

Pese ao *Premio Galicia de Turismo Sostible outorgado polo* Clúster de Turismo de Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, dende a Administración galega foron incapaces de axudar e facilitarlle á Asociación Camiño dos Faros un futuro para a dita ruta.

O Camiño dos Faros, necesita a homologación como Ruta de Gran Recorrido GR para o seu funcionamento, sen homologación non pode existir xestión, nin protocolo de limpeza, nin sinalización, nin seguridade, nin control medioambiental, debe existir un único sendeiro ben sinalizado para protexer o entorno e poñer en valor a Rede Natura.



A Asociación conta co apoio decidido dos 9 concellos polos que transcorre a ruta e axuda no mantemento e limpeza do camiño e foi apoiada pola Deputación da Coruña para financiar o proxecto para a súa homologación, pero atópase nun camiño sen saída por non chegar a dito fin. En maio de 2016 a Xunta de Galicia solicitoulle á Asociación Camiño dos Faros un estudo de impacto ambiental para poder avanzar na homologación, e dende a Asociación contrataron o dito informe a unha empresa, despois de 3 anos de traballo, foi presentado en maio de 2019 e dende aquela, pese a que a lei esixe a contestación en 3 meses, levaban máis de 17 meses esperando a que a Consellería de Medioambiente emita informe ao respecto.

A sensación é que a Xunta de Galicia non facilita a consecución da dita homologación, esencial para o futuro da ruta e hai poucas datas que recibimos a noticia de que a Asociación Camiño dos Faros se desvinculaba da figura de promotor e desistía da homologación, despois dos atrancos atopados.

A veciñanza de Bergantiños e a Costa da Morte, e os concellos que percorre a dita ruta, saben da importancia da ruta e da necesidade de potenciala como un destino turístico e, polo tanto, como unha boa fonte de ingresos para os cidadáns dunha zona abandonada polo Goberno galego.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que opinión ten o Goberno galego sobre a ruta promovida pola Asociación Camiño dos Faros?
- 2ª) Como interpretan que a asociación transmita publicamente que o Goberno galego traballa para facer que a dita ruta fracase?
- 3ª) Cal é o motivo do retraso do informe ambiental despois de que a Asociación Camiño dos Faros presentase o proxecto en maio de 2019?
- 4ª) Cales son as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que este proxecto desapareza ou perda o seu valor orixinal?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/10/2020 11:36:54**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/10/2020 11:37:12**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A residencia de maiores de Ribadumia, xestionada pola compañía DomusVi, leva sendo un foco de problemas laborais e discutible calidade de xestión por parte da empresa dende hai tempo. O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Socialista, unha iniciativa na lexislatura pasada sobre os problemas existentes de incumprimento de convenio laboral, insuficiencia de persoal e déficit de recursos para exercer a labor na mellor calidade posible. A realidade foi negada polo partido popular e así non foi considerada a necesidade de melloras para este centro.

Nos recentes días coñeceuse a existencia dun preocupante brote de covid-19 neste centro, no que se viron afectadas varias persoas residentes e ata unha vintena de usuarios/as. Non existiu moita máis información por parte da empresa sobre a situación, asumindo que todo estaba baixo control.

A empresa DomusVi é a principal compañía propietaria de residencias de maiores en Galicia, en número crecente nos últimos 10 anos, e nos seus centros desatáronse numerosos brotes de covid-19 nos últimos meses con consecuencias fatais. Os informes do Consello de Contas de Galicia apuntaron, xa dende o ano 2017, a existencia de problemas graves nos centros de maiores en Galicia, con niveis de recursos humanos e materiais insuficientes que prexudicaban ao rendemento e calidade asistencial.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que situación se atopa o nivel de contaxios na residencia de maiores de Ribadumia?
2. Que medidas de control e protección mantivo a empresa propietaria do centro baixo a supervisión do Sergas?



3. Considera a Xunta de Galicia que as condicións laborais e de recursos materiais na residencia de maiores son axeitadas ás necesidades asistenciais?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/10/2020 19:13:23**

**Marina Ortega Otero na data 28/10/2020 19:13:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á demanda de actuacións de axuda ao sector cultural galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo o Consello da Cultura Galega publicaba o *Barómetro da cultura galega I*, unha radiografía do estado das empresas culturais galegas dende que empezou a crise do coronavirus.

As conclusións deste estudo son argumentos sólidos que reclaman da nosa atención urxente, porque a cultura tamén representa cifras que debemos colocar no punto de mira das gravosas consecuencias da pandemia, ao mesmo nivel doutros sectores produtivos, económicos e de emprego:

1. A pandemia provocou que un 53,8% de empresas estean inactivas.
2. No sector das artes escénicas, que inclúe as actividades de teatro e música, as salas de espectáculos e actividades auxiliares, o 82,4% mantense inactivo.
3. O 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE,
4. O 60,7% das empresas culturais de Galicia sufriu a raíz da COVID-19 unha redución de máis do 50% da facturación nos primeiros meses do ano. Para o 37,6% esta redución foi mesmo superior ao 75%.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. Os problemas que deben afrontar os sectores culturais son múltiples: o cesamento ou caída da actividade dos clientes e o conseguinte descenso na demanda (81,5%); o problema de tesouraría (53,1%); a dificultade para pagar impostos e seguros sociais (39,3%); os problemas cos provedores e de distribución (28,7%) e os de financiamento (25,1%). Pechan a listaxe, os derivados das limitacións de cabida (21,8%), a inseguridade xurídica (19,8%) e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (13,5%).

Consecuentemente, por unha banda, comprobamos que a crise da COVID19 repercutiu con grande impacto no noso ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza e precariedade.

E pola outra, verificamos que as estruturas profesionais da cultura galega - autónomos, micro-pemes e cooperativas sociais na súa gran maioría – están a afrontar un contexto xa non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia.

Unha realidade que volve verificar agora o Consello da Cultura Galega nun novo informe actualizado e presentado baixo o título *Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020*.

As conclusións deste informe recollen que a previsión da evolución do sector cultural nos vindeiros meses para o conxunto do sistema produtivo da cultura é que este sufrirá un impacto máis severo que o conxunto da economía.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como valora o goberno da Xunta a evolución dos dous informes recentes do Consello da Cultura Galega sobre o impacto da COVID-19 nos sectores culturais galegos?

Que medidas puxo en andamento o goberno para contribuír a paliar o impacto tan negativo sobre o sector?

Que proxecto de actuación inmediata está a deseñar? Con que orzamento?

Que estratexias de comunicación e coordinación ten activado o goberno cos sectores e axentes culturais galegos tan prexudicados?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2020 09:31:16**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/10/2020 09:31:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 29/10/2020 09:31:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á demanda de información a respecto da posta en marcha do Plan de fomento da Lectura.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galiza supuxo un punto de inflexión na posta na cadea de valor do libro e da lectura como instrumentos fundamentais para a difusión do saber, fonte de formación e lecer, garante dunha sociedade libre e democrática.

Un marco lexislativo innovador naquela altura que, ademais, atendía o libro e a lectura como instrumentos indispensábeis para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da identidade de noso, ao tempo que valoraba a súa importancia no proceso de normalización dos usos sociais e públicos da nosa lingua propia.

Por unha banda, o libro como ben cultural e económico apoiado publicamente consonte a súa condición de dereito cultural de todos os galegos e galegas.

Pola outra, a defensa e a promoción da lectura como ferramentas básicas para o enriquecemento persoal da cidadanía e para o fortalecemento dunha sociedade libre.

A disposición adicional primeira da devandita lei regulaba que a Xunta de Galiza presentaría perante o Parlamento galego *un Plan de fomento da lectura, no que,*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*ademais de se recolleren obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento.*

Transcorridos catorce anos da aprobación desta lei, e tras algúns titulares informativos anunciando a próxima presentación dun Plan específico de dinamización da lectura, este segue sen se facer público co que isto implica no apoio real ao conxunto do sector do libro, así como no fomento do hábito lector entre a cidadanía, desde unha perspectiva estratéxica e global.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que razóns argumenta o goberno galego para non ter aprobado o tan agardado Plan de fomento da lectura?

Que planificación ten a este respecto para dar cumprimento ao mandato legal?

Que actuacións contempla a curto e medio prazo?

Que papel está a asumir neste proceso o Consello Asesor do libro?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2020 10:20:18**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/10/2020 10:20:28**

**Daniel Castro García na data 29/10/2020 10:20:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral escrita**, relativa ás accións a realizar para a reactivación presencial e a apertura dos centros de Atención Primaria pechados con motivo da COVID 19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como de persoal.

A pandemia orixinada pola Covid-19 colleu á sanidade pública con moitas patoloxías previas, chegou tras anos de recortes e precariedade. Unha folla de ruta letal, de anos de escaseza de investimentos, de medidas destinadas ao seu adelgazamento e deterioro, isto levouna a problemas estruturais de gran envergadura.

Puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dxs galegxs.

Atención Primaria que chega á Pandemia con menos orzamento, 2020 con 142 millóns de euros menos que hai 11 anos, menos profesionais, sen capacidade de decisión...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de algúns centros de saúde e PACs e practicamente a totalidade dos consultorios.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran case exclusivamente en consulta telefónica, para evitar contaxios tanto dxs profesionais como da poboación.

Isto ocasionou moi graves problemas na prestación da asistencia sanitaria por parte das e dos profesionais e no acceso da poboación á mesma

A Atención Primaria baixo mínimos a pesares de que todas as persoas expertas coinciden en que na loita contra a Covid-19 a Atención Primaria é fundamental. A detección precoz, detectar positivos, identificalxs, illalos, facer rastrexo de contactos... é unha carreira contra o tempo. Unha Atención Primaria baixo mínimos para atender ás persoas contaxiadas por Covid e ao resto das patoloxía, a xente segue enfermado e segue precisando atención sanitaria.

Meses despois do inicio da pandemia é preciso saber cal é a situación, saber cales son os centros que permanecen pechados, cales non teñen reactivado a atención presencial... por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a situación actual dos centros sanitarios de Atención Primaria, centros de saúde, PACs, consultorios, que foron pechados con motivo da COVID 19?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cantos e cales permanecen pechados? Cal é a razón?

Que cronograma de apertura manexa para proceder á súa apertura?

Cal é o volume da atención presencial e da telefónica que se está realizando?

Cantos reforzos de persoal e cobertura de ausencias se teñen realizado nos centros de Atención Primaria desde o inicio da pandemia?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2020 11:04:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2020 11:05:04**

**Iria Carreira Pazos na data 29/10/2020 11:05:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno central incluíu no proxecto de orzamentos unha partida de 50 millóns de euros para bonificacións na autoestrada AP9 para usuarios habituais. Trátase sen lugar a dúbidas dun paso adiante, que se ten que concretar coa aplicación, no prazo de tempo máis curto posíbel, dun sistema que supoña o abaratamento dunha infraestrutura que artella o país de norte a sur e cuxo uso supón un elevado custo para as persoas usuarias.

Para o BNG, a xestión da AP 9, o veto do PP á transferencia, as peaxes abusivas, as escasas medidas de bonificación para profesionais e persoas traballadoras que son usuarias habituais, as compensacións a AUDASA polas obras de ampliación da capacidade en Rande e Compostela, a ampliación da concesión a 75 anos (mentres outras autoestradas da mesma época son liberadas de peaxes) son expresións dunha discriminación e dun agravio que non pode manterse máis no tempo. Por iso, tanto a transferencia da autoestrada, como a redución das peaxes, a asunción das subas anuais extraordinarias nos orzamentos do Estado ou a eliminación da peaxe entre Redondela e Vigo foron demandas reiteradas do BNG e puntos clave da negociación co PSOE para o acordo de investidura.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ademais de non renunciar a ningunha destas demandas, incluíndo a transferencia da autoestrada a Galiza, vemos con preocupación como a concesionaria reclama ao Estado cantidades millonarias por obras de ampliación da capacidade en Rande e Compostela, gastos de amortización do investimento e compensacións pola baixada de ingresos no caso dos convenios de gratuidade da viaxe de volta entre Pontevedra e Vigo; novas obras de adaptación de túneles á nova normativa de seguridade; cumprimento das sentenzas xudiciais que anulan o sistema implantado para computar a peaxe na sombra en Rande e A Barcala; e cumprimento da sentenza polo cobro abusivo das peaxes como consecuencia das obras de Rande.

Tanto a Xunta de Galiza como sobre todo o goberno central deben velar polos intereses xerais e discutir estas reclamacións excesivas e abusivas da concesionaria, así como denunciar ou renegociar convenios abusivos como o da suba do 1% acumulativa durante 20 anos, que supón un claro exemplo de enriquecemento ilícito para a concesionaria. En todo caso, consideramos que se debe evitar o procedemento das subas extraordinarias de peaxes, que virían a aumentar o agravio e a discriminación que sofren as persoas usuarias da AP 9.

Polo exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a previsión dunha partida de 50 millóns de euros nos orzamentos do Estado para a aplicación de bonificacións e descontos a persoas usuarias da autoestrada AP9?
2. Considera o goberno galego que esta opción mellora a proposta pola Xunta de Galiza en decembro de 2019?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Vai demandar o goberno galego diante do goberno do Estado a transferencia da AP9 e o rescate da concesión?

4. Está dacordo o goberno galego na non aplicación de subas extraordinarias de peaxes derivadas dos convenios asinados entre o Ministerio de Fomento e a concesionaria?

5. Que estudos e negociacións houbo entre o goberno galego e o Ministerio de Fomento en relación coa supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, a urbanización do treito de acceso a Vigo en Teis, as melloras e as melloras nas parroquias de Chapela e Teis?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/10/2020 11:10:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2020 11:10:19**

**Iria Carreira Pazos na data 29/10/2020 11:10:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación das Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual situación sanitaria obriga tanto individualmente coma de xeito colectivo a asumir todas as medidas precisas para evitar a transmisión do virus SARS-CoV-2 e frear a expansión da pandemia.

Mais fronte a isto, as circunstancias nas que se atopan actualmente as Urgencias de Pediatría no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela non son garante da inexistencia desta transmisión da infección.

A adecuación inicial do espazo para a creación de dous circuítos diferenciados nos que atender ás pacientes dependendo de se presentaban sintomatoloxía sospeitosa de COVID19 ou non, mantense aínda 8 meses máis tarde. Unha división que aínda que poida ser comprensible no primeiro momento de resposta á pandemia, resulta intolerable a estas alturas. Esta compartimentación supón que a “zona sucia” se atope coa inexistencia de medicación dispoñible, dunha sala de observación axeitada e incluso do equipamento para a atención a pacientes críticas. Todos estes procedementos deben levarse a cabo na “zona limpa”, rompendo por tanto o illamento dos circuítos. E do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mesmo xeito, a “zona limpa” atópase cun posto de triaxe situado no medio dun corredor e cunha sala de espera noutro corredor diferente.

Asemade, ao longo destes meses tampouco se desenvolveron protocolos de traballo e directrices claras que permitan uns criterios unificados e obxectivos na práctica asistencial, deixando demasiados aspectos á decisión facultativa e podendo chegar a resultar contraditorios entre diferentes profesionais.

Esta situación vén sumarse a unhas circunstancias previas do servizo xa extremadamente precarias. A falta de material ou a súa obsolescencia, así como a falta de persoal agrávanse nesta situación de excepción.

Son varias as denuncias feitas neste aspecto por parte do persoal do servizo, sen recibir en ningún momento unha resposta satisfactoria por parte da Xefatura de servizo nin da Xerencia do Complexo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as Urgencias de Pediatría do CHUS?

– Ten algunha medida prevista para a adecuación do espazo deste servizo atendendo á necesidade de manter circuítos completamente illados entre pacientes con sospeitas de infección por SARS-CoV-2 e sen sospeita? De telas, cales son e con que temporalización?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

– Cal é a razón pola que se continúa a manter este servizo con material escaso e, en moitas ocasións, obsoleto ou en mal estado?

– Que medidas ten contempladas para dotar de persoal suficiente para a atención a ambos circuítos?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 29/10/2020 11:37:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2020 11:38:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2020 11:38:34**





## A Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A aposta pola creación de novos servizos, equipamentos e infraestruturas é unha constante no Hospital Público da Mariña lucense desde que o presidente Alberto Núñez Feijóo ten a responsabilidade de presidir a Xunta de Galicia.

De feito, baixo os seus sucesivos mandatos iniciouse a obra de ampliación e remodelación integral deste centro hospitalario que, en 2021, desenvolverá a súa segunda fase, materializando un investimento conxunto próximo aos 30 millóns de euros.

Hoxe, o hospital emprazado en Burela conta cun novo edificio anexo ao edificio actual, no que se trasladaron o hospital de día, diversas consultas externas, a zona de hospitalización e a farmacia; ademais dun novo edificio de aparcadoiro de dúas alturas, cun heliporto na súa cuberta.

No futuro máis inmediato, está prevista a construción dun novo edificio anexo de dúas plantas, para albergar: o servizo de mantemento, a unidade de prevención de riscos laborais e o salón de actos e dependencias de docencia. Ademais completárase a reforma doutras áreas do edificio máis antigo, como as de pediatría e críticos, a área policlínica e consultas externas, saúde mental ou rehabilitación.

Pero o Hospital Público da Mariña lucense non só gañou en espazos senón tamén en novos servizos e persoal, circunstancia que contradín, dun xeito obxectivo e evidente, ás críticas que as formacións políticas da oposición e colectivos afíns aseguran repetindo o argumento falso do desmantelamento da sanidade pública da comarca.

Có obxectivo de avaliar estas circunstancias, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1- Sumou novos servizos o Hospital Público da Mariña lucense desde o ano 2009? De ser así, cales son?
- 2- Mellorou o cadro de persoal deste centro hospitalario desde esa data?
- 3- Que valoración fai o Goberno galego sobre estas circunstancias?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 29/10/2020 12:54:46**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Encarnación Amigo Díaz na data 29/10/2020 12:55:01**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 29/10/2020 12:55:19**

**José Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2020 12:55:26**

**Noelia Pérez López na data 29/10/2020 12:55:37**

**María Corina Porro Martínez na data 29/10/2020 12:55:51**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/10/2020 12:56:03**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/10/2020 12:56:19**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación de **FACTORÍAS VULCANO.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xusto cando **FACTORÍAS VULCANO** debía facer 100 anos de vida parece condenado á súa desaparición definitiva.

Unha inexplicable oposición por parte da **AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO** aos plans de liquidación concursal, que contemplan a posibilidade do mantemento da actividade produtiva como estaleiro dedicado á construción naval, pode defenestrar unha posibilidade demandada pola sociedade comarcal de Vigo dun xeito inusitadamente unánime e merecente de mellor sorte, mais sobre todo merecente de maiores e mellores esforzos por parte da Xunta de Galiza.

Esta discusión artificiosa sobre a continuidade ou non da concesión administrativa, cando xa foi resolta pola Audiencia Provincial a favor da pervivencia da concesión, significa non acatar, por parte da **AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO,** unha resolución xudicial que representa unha oportunidade do punto de vista económico e laboral que ninguén con responsabilidades de goberno e competencias na materia debía deixar de atender. Oportunidade que cobra un valor exponencial no actual marco da pandemia sanitaria e a crise que trae con ela.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste sentido téñense manifestado todos os sindicatos comarcais, a patronal ASIME, ou o Clúster do Naval, que reclaman a realización de calquera esforzo posible na liña de manter a actividade de Vulcano como estaleiro. Mais a actuación da XUNTA DE GALIZA a este respecto non pasa das boas palabras.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a posición da AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO a respecto da concesión que afecta aos terreos de FACTORÍAS VULCANO?

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da oferta presentada no Xulgado do Mercantil para continuar coa actividade produtiva? Coñece o proxecto industrial vinculado?

Ten pensado realizar algún tipo de actuacións para garantir a continuidade da actividade da construción naval nos terreos de FACTORÍAS VULCANO?

Prevé a posibilidade de recorrer aos fondos europeos, ou a algún outro tipo de axudas públicas como están a facer outros países da UE para salvar os seus estaleiros en crise?

Considera a Xunta de Galiza que estes terreos poderían destinarse a outras actividades que xeren máis postos de traballo? Ten algún proxecto

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Daniel Pérez López**  
**Carme González Iglesias**  
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 29/10/2020 14:14:08**

**Daniel Pérez López na data 29/10/2020 14:14:18**

**María do Carme González Iglesias na data 29/10/2020 14:14:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A redución da Atención Primaria a unha asistencia telefónica case na súa totalidade, con escasísimo ou nulo incremento de persoal, está provocando graves problemas de asistencia polas saturacións e sobrecarga asistencial dos profesionais.

Isto está provocando que existan respostas insuficientes, como na campaña da gripe ou na capacidade de atención a crónicos e seguimento de pacientes. Tamén no caso de persoas que necesitan accións tan cotiás como a prolongación da receita dos medicamentos prescritos, e que comprobamos como o sistema informático non ofrece ningunha posibilidade de cita telefónica para renovar a súa prescrición pero que vai terminando as súas doses.

Mentres tanto, non parece existir ningunha conciencia sobre esta dificultade no discurso público da xestión sanitaria, aínda que os profesionais están advertindo dos problemas graves que isto pode causar no desorde que se provocará na atención a pacientes non-covid.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten constancia a Xunta de Galicia do problema de asistencia sanitaria a pacientes crónicos e que necesitan renovación de receitas dende o sistema de atención primaria do Sergas?
2. Cantos profesionais de medicina familiar e comunitaria ten incrementado de maneira efectiva o Sergas dende o inicio da pandemia?
3. Que resposta ofrece o Sergas a pacientes que precisan renovar as súas receitas e que non teñen posibilidade de facelo pola saturación do sistema?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro do 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 16:36:08**

**Marina Ortega Otero na data 29/10/2020 16:36:14**





## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As incertezas e o exceso incontrolado de información redundante e contraditoria que moitas veces circula sobre a pandemia, e os protocolos de actuación que deben seguir as persoas en función dos diferentes casos (positivos, contactos con positivos, etc) está contribuíndo pouco a actuar conforme as recomendacións sanitarias estritas.

Existen numerosas informacións confusas por parte da Xunta de Galicia sobre o que se deben facer ante a aparición de contaxiados por covid-19 en diferentes eidos, como as escolas, o traballo, os contactos familiares ou convivintes. A isto súmase que a xestión da realización e notificación de PCR está sendo errática, con casos de notificacións a persoas que non fixeron a proba pero non información a algunhas que si a fixeron.

A esta confusión contribúen notoriamente as decisións distintas en cada área sanitaria sobre a realización de PCR ou non en función de cada escenario, e a tardía notificación das medidas a tomar. Indiscutiblemente, a falta de claridade sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia, que necesitou da axuda do exército para realizar esta labor, e a falta de claridade do Goberno galego sobre as decisións en torno a este perfil despois das contradicións entre Presidencia e Consellería de Sanidade, non son aspectos que axuden a determinar o funcionamento óptimo da xestión do sistema.

Un dos problemas ante a variabilidade de medidas que se toman, e a ausencia de información nítida e unificada sobre as decisións a tomar polos positivos e os contactos, está na falta de certezas na poboación. Esta fai que existe unha menor implicación coas medidas, unha falta de cumprimento por non estar clarexadas e incluso a comisión de erros por parte de poboación que quere seguir as recomendacións pero que non atopa no Sergas unha política informativa clara.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente a Xunta de Galicia das inconsistencias que a cidadanía está a percibir sobre as necesidades da súa conduta ante os casos de positivos e contactos?
2. Ten constancia a Xunta de Galicia dos erros que están a comprobarse nas notificacións e non notificacións de resultados de PCR en Galicia?
3. Por que as diferentes áreas sanitarias aplican criterios distintos sobre a realización ou non de PCR a contactos de positivos?
4. Como valora a Xunta de Galicia que existan numerosos casos de persoas que son advertidas de contactos con positivos e outras que non o son baixo situacións idénticas?
5. Cantos profesionais ten contratados a Xunta de Galicia na central de seguimento sita en Bergondo para colaborar cos labores de rastrexo á poboación?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 16:51:21**

**Marina Ortega Otero na data 29/10/2020 16:51:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as demandas dun convenio colectivo digno para as/os investigadores/as das Fundacións biosanitarias de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Fundacións biosanitarias de Galiza son estruturas organizativas de promoción e desenvolvemento da investigación sanitaria. Constitúense como espazos multidisciplinares, co obxectivo de promover a investigación translacional e a innovación, para así garantir a aplicación efectiva dos resultados para beneficio das/os cidadáns.

O valor do seu traballo, a través da aplicación clínica, aporta importantes beneficios sobre a saúde das persoas.

As Fundacións Sanitarias teñen encomendado pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza a xestión integral da investigación e innovación que desenvolven xs profesionais sanitarios galegxs. Teñen como misión impulsar a investigación, a docencia, a innovación e o desenvolvemento científico-tecnolóxico no ámbito sanitario galego.

Representantes da Plataforma Galega de Traballadorxs de Investigación Sanitaria de Galiza (PLAGTIS) conformada polos comités de empresa das Fundacións





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur(FBGS), Fundación Prof. Novoa Santos(FPNS) e da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) reuníronse co BNG para expoñernos a situación laboral que padece o persoal e en demanda de apoio para que a consellaría de Sanidade acepte desbloquear as negociación de cara a acadar un convenio colectivo digno.

Trasládannos que este convenio atinxe a máis de 500 traballadores/as que a día de hoxe non teñen unha norma propia que regule nin as súas condicións laborais, nin as súas obrigas profesionais, están reguladxs polo Estatuto dxs Traballadorxs. Non teñen táboas salariais mínimas, nin estabilidade laboral. Esta situación impide un correcto desenvolvemento da carreira investigadora en Galiza e dignificar as condicións laborais actuais e pon en perigo a captación do talento que non se retén pola falta de interese da consellaría de Sanidade.

Á realidade que viven e de tal precariedade que hai investigadorxs que levan traballando máis de 20 anos con contratos temporais

As negociacións iniciadas en maio de 2029 están paralizadas, quedaron suspendidas neste verán, debido ás vacación e coincidir ademais coa conformación dun novo Goberno da Xunta tras as eleccións ao Parlamento Galego do 12 de xullo.

Os Comités de empresa están desde xuño agardando que se convoque a mesa de negociación. Nas negociacións realizadas até o de agora deron pechado cinco capítulos completos, mais quedan pendentes temas de máxima relevancia como son a estabilidade laboral, réxime retributivo e que o ámbito de aplicación sexa aberto á totalidade das persoas contratadas a través das fundacións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mentres a Consellaría de Sanidade se gaba do alto valor da investigación científica en Galiza e dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina e a súa aplicación clínica para a saúde da poboación, condena xs profesionais altamente cualificadas/os e especializadas/os a unhas condicións de inestabilidade e precariedade.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón de non ter convocada a mesa de negociación para acadar un convenio colectivo para as/os investigadores/as das Fundacións biosanitarias de Galiza?

Considera o Goberno galego que as/os investigadores/as das Fundacións biosanitarias de Galiza teñen unhas condicións laborais dignas acordes á función que realizan?

Vai implicarse no desbloqueo da negociación do convenio colectivo?

Vai abrir unha negociación para un convenio colectivo digno en base á realidade existente en Galiza e para todas as categorías?

Vai designar representante da Consellaría de Sanidade para esta negociación que teña capacidade de decisión?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2020 17:00:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2020 17:00:58**

**Iria Carreira Pazos na data 29/10/2020 17:01:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da Central Térmica das Pontes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade, de transformar radicalmente o territorio, mesmo afectando ecosistemas tan sensibles como o Río Eume ou a propia Ría de Ferrol, e de provocar tamén unha grande transformación sociolóxica en toda a contorna, supón un repto económico en diferentes sentidos de enormes dimensións.

Neste sentido, o Concello das Pontes ven de presentar un informe provisional no procedemento de impacto ambiental do proxecto de desmantelamento da central, elaborado coa participación dunha consultora e un bufete especializados en temas mineiros e industriais, no que se manifesta o seguinte:

"En cálculos globais, conforme a declaracións do ano 2016 da propia Endesa (Jefatura de Servicios Económicos de la UPT), a contribución da central, entre salarios, tributos e compras a provedores ascendía 38.000.000 €/ano".

O informe abunda tamén na perda de postos de traballo, en termos directos e máis de prexuízo circular ou de arrastre, estimando que a perda estaría nun intervalo de 1.000 a 1.400 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estas magnitudes son, ao noso xuízo, apenas unha mostra da grave crise desencadeada na localidade das Pontes e na comarca de Ferrol provocada polo peche da Central.

Mais hai que ter en conta tamén que o necesario cambio de paradigma enerxético non pode supoñer para Galiza retrocesos en termos de produción, dispoñibilidade, e prezos da electricidade, dado o carácter de servizo esencial que ten para os consumidores particulares, e do mesmo xeito, deben os gobernos preocuparse porque o impulso industrial que o noso país tanto precisa poida contar con un subministro seguro e a prezos competitivos que o faga posíbel.

Desde que se anunciara o peche téñense posto en marcha diferentes iniciativas sociais, sindicais e políticas, protagonizando grandes mobilizacións e mesmo folgas, na demanda de medidas urxentes que poidan neutralizar o impacto económico sobre os diferentes sectores afectados na comarca, e froito destas téñense concretado algúns foros de encontro ou negociación, como por exemplo a coñecida como “Mesa das Pontes” no ámbito do MITECO.

No que atinxe á Xunta de Galiza descoñecemos se ten algún proxecto para a localidade das Pontes, ou se ten previsto elaboralo, encamiñado a manter o nivel de emprego, e que supoña participación ou promoción nesta tan manida transición enerxética, e que aproveite tanto o punto de evacuación de REE, como a presenza, polo menos durante algún tempo máis, da empresa ENDESA operando os ciclos de gas.

A falta de concreción do anuncio dos 108 proxectos cos que a Xunta vai optar aos fondos europeos de recuperación, nos que unicamente menciona que 33 deles estarán destinados á mobilidade sustentábel e á transición ecolóxica por un total de 2.700 millóns de euros, non pode tranquilizar a ninguén, sobre todo tendo en conta o avanzado do proceso de peche da central por parte de ENDESA, tanto no que a trámites







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

administrativos se refire como, o que é máis sintomático, aos procedementos de prexubilación e traslados do seu persoal na central.

Estes feitos contrastan cos resultados das probas que están a realizarse para alimentar a central con lodos, e que desde o entorno da propia central dan por satisfactorios a falta de continuar as probas variando proporcións e incorporando o gas como substituto do carbón.

En todo caso parece que o éxito de estas probas, ademais de manter a actividade e o emprego, tería o valor engadido da xeración de electricidade a partir de fontes renovábeis, ademais de facilitar unha solución para o tratamento duns lodos que de outro xeito terían unha xestión moi problemática.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está informada a Xunta de Galiza de que ENDESA continúa avanzando no proceso de peche da central?

Ten valorado a Xunta de Galiza o feito de estar ENDESA desfacéndose do seu cadro de persoal directo na localidade das Pontes?

Ten a Xunta de Galiza algunha valoración do impacto do peche da Central na economía local, comarcal e nacional? E en canto as consecuencias da perda dun produtor enerxético das características e dimensións de ENDESA?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Coñece a Xunta de Galiza os resultados das probas que están a realizarse na Central con combustibles alternativos? Que escenarios manexa a Xunta ao respecto de esas probas?

Ten a Xunta de Galiza unha alternativa viable para a xestión de eses lodos se ENDESA decide prescindir de esta solución? Valora unha posible colaboración con ENDESA para que manteña a actividade con este tipo de combustible?

Algún dos 108 proxectos anunciados están destinados a manter o nivel de emprego na localidade das Pontes?

Algún deles está relacionado coa produción ou co ámbito da transición enerxética? En que consisten? Onde estarían localizados? Contan con participación ou colaboración privada?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 29/10/2020 17:38:10**

**Daniel Pérez López na data 29/10/2020 17:38:21**

**María do Carme González Iglesias na data 29/10/2020 17:38:31**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A área sanitaria da Coruña-Cee, que abrangue 37 concellos, é unha das máis importantes de Galicia e ten como hospital de referencia o CHUAC, desbordado nas súas capacidades e pendente de ampliación dende hai moitos anos.

O Sr. Feijóo comprometeu en outubro de 2018 a ampliación e renovación do CHUAC sinalando que “Antes de que remate a lexislatura, presentaremos o novo Hospital Público da Coruña, totalmente renovado nas instalacións actuais e cunha ampliación do 50 por cento da superficie actual”.

Dous anos despois, non fai falta dicir que foi outra de tantas promesas incumpridas por parte do líder do PP de Galicia.

En datas recentes a Xunta de Galicia remitiu ao concello da Coruña un borrador de convenio no cal, ademais de solicitar das arcas municipais 22,2 millóns de euros e a cesión dunha parcela, pídelles que renuncie ao cobro de impostos e taxas.

Pola contra, o borrador enviado non concreta as obrigas económicas da Xunta nin os prazos de execución das infraestruturas, é dicir, o borrador establece obrigas para unha das partes pero non di a que se obriga á outra.

Hai que lembrar –unha vez máis– que a sanidade é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e que os concellos galegos, entre eles o da Coruña, tiveron que asumir e financiar nesta pandemia abundantes obrigas impropias, engadidas ás que normalmente asumen e financian, obrigas que son estritamente competencia da Administración autonómica.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando pensa cumprir a Xunta de Galicia as promesas do Sr. Feijóo respecto da ampliación e renovación do CHUAC?



2ª) Considera a Xunta de Galicia que pode dilatarse no tempo a ampliación e renovación dunha das infraestruturas sanitarias máis importantes de Galicia e de España, máxime cando vivimos unha situación de pandemia que se pode repetir no futuro?

3ª) Considera a Xunta de Galicia normal remitir un borrador de convenio ao Concello da Coruña que establece obrigas só para o Concello pero non concreta as da Administración que ten a competencia, neste caso a Xunta de Galicia?

4ª) Cales son as concretas obrigas económicas que está disposta a Xunta de Galicia a asumir respecto da ampliación e renovación do CHUAC e en que prazos?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 29/10/2020 16:36:00**

**Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 16:36:19**

**Marina Ortega Otero na data 29/10/2020 16:36:29**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 22 de setembro publicábase no BOE o proxecto definitivo de rexeneración da Ría do Burgo, unha actuación longamente reclamada dende a comarca coruñesa que vai ser satisfeita por fin como reflicte a inclusión dunha partida de 20 millóns de euros no proxecto de orzamentos do estado para 2021, complementada pola previsión de 28,5 millóns máis no ano 2022, para un proxecto que ten un importe total de 48,5 millóns de euros e un prazo de execución de 26 meses.

Trátase dunha obra de grande importancia e interese xeral, dado que a ría da Coruña leva moitos anos nunha situación moi difícil para a practica do marisqueo, que levou a que na actualidade soamente practiquen esta actividade unhas 80 persoas, cando hai escasas décadas chegaron a mariscar nela aproximadamente 2.000.

O saneamento da ría do Burgo é unha actuación que mostra o compromiso da Administración estatal co medio ambiente e tamén co emprego e coa xeración de riqueza. Grazas ao saneamento da ría vai ser posible aumentar a produción, que leva severamente diminuída dende hai lustros, e xerar riqueza e economía sostible ao mesmo tempo que se rehabilita medioambientalmente un ecosistema moi importante e moi frecuentado pola cidadanía da comarca.

A Xunta de Galicia non puxo nin vai poñer un céntimo de euro para sanear a ría do Burgo cando todas as competencias sobre a ría (como marisqueo e acuicultura) son súas excepto a de loita contra contaminación, que é compartida co estado. Os fondos van proceder integramente do Estado e da UE, con nula aportación con cargo os orzamentos da Xunta, a pesar de ter recibido inxentes importes dos fondos comunitarios para loitar contra a contaminación nas últimas décadas, e a pesar de levar en aplicación a directiva marco de augas dende o ano 2000.



Hai que lembrar que nos orzamentos do Estado de 2018, últimos do Goberno de Rajoy e que foron prorrogados ata hoxe, unicamente figuraba unha partida simbólica dun millón para a rexeneración, mentres que no proxecto de orzamentos de 2019, que foi rexeitado grazas aos votos en contra, entre outros, dos deputados do PPdeG, figuraban xa 8 millóns para o saneamento no 2019 e 15 para o 2020, dado que se trata dun proxecto de 2 anos de execución e que sempre se reclamou que a Xunta aportase o 50 % por ter compartida a competencia de loita contra a contaminación, cousa que, como vemos, non vai chegar a producirse, noutra mostra de escapismo por parte do Goberno autonómico.

As obras van durar 26 meses, período durante o cal, por motivos evidentes, non vai poder mariscarse na ría, o cal implicará a perda de ingresos por parte dos aproximadamente 80 mariscadores que viven da ría. Sendo a competencia exclusiva en materia de marisqueo da Xunta, e sendo a situación totalmente allea aos mariscadores, debe ser esta a que se faga cargo de establecer compensacións económicas que permitan subsistir a este colectivo profesional durante o tempo que duren as obras, con independencia de que os mariscadores teñen manifestado publicamente e tamén ao deputado que subscribe que están completamente dispostos a traballar ben nos labores de rexeneración ou de vixilancia ou de calquera tipo, é dicir, que non queren cobrar por non facer nada.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación as seguintes preguntas:

1ª) Ten xa establecido ou ten previsto o Goberno galego establecer algún tipo de mecanismo de compensación económica para os mariscadores da ría da Coruña durante o tempo no que teñan que cesar na súa actividade pola realización das obras de rexeneración da ría por parte do Estado?

2ª) En caso afirmativo, en que consistiría ese mecanismo de compensación económica e por que importes?

3ª) Tamén en caso afirmativo, contempla o Goberno galego a posibilidade de que eses mecanismos teñan como contrapartida a realización de traballos de mellora ou rexeneración ou similares por parte dos mariscadores tendo en conta que teñen manifestado a súa total disposición en tal sentido?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Pablo Arangüena Fernández na data 29/10/2020 17:53:47**

**Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 17:54:01**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/10/2020 17:54:12**





## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica) é unha enfermidade altamente discapacitante e dexenerativa que ten unha esperanza media de vida media de entre dous e cinco anos. A medida que a enfermidade avanza paraliza todo tipo de movementos excepto os oculares, así coma a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas da persoa doente.

Polo que estamos a falar dunha gran dependencia que fai que a persoa que padece esta enfermidade, ao non poder falar nin facer ningún movemento teña unha imposibilidade absoluta para comunicarse, o que supón un agravio maior para o doente e o seu contorno.

Afortunadamente a tecnoloxía avanza rápido, e existen dispositivos específicos, lectores oculares que conectados a un dispositivo concreto, transformen a dirección da mirada en palabras. Está é a única fórmula de comunicación posible, xa que na actualidade non existe tratamento para frear ou acabar con esta enfermidade.

O pasado 2019 o Goberno Central a través do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social anunciou a Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os anexos I, III y VI del Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. No mesmo se detalla a actualización da carteira de servizos común do SNS. Como solicitudes de actualización da carteira común, relativas ao cribado poboacional de cancro de cérvix, ao lector ocular, á micropigmentación da aréola mamaria e do mamilo como parte da reconstrución mamaria e a ampliación da idade de financiación dos audifonos. A Comisión de prestacións, aseguramento e financiación creou un grupo de traballo que elaborou un protocolo de indicación dos lectores oculares e outros sistemas de comunicación para estes pacientes e propuxo a súa inclusión dentro da atención especializada en consultas, para pacientes con trastornos neuromotores graves, como son os pacientes con ELA e outros, que pola afectación severa dos membros superiores e imposibilidade de



comunicación oral ou escrita que padecen, non poden comunicarse. Dita orde de modificación do Real Decreto 1030/2006 entrou en vigor o día 1 de xullo de 2019 e as Comunidades Autónomas, disporían dun prazo de seis meses a contar dende a entrada en vigor da orde para adaptar as súas respectivas carteras de servizos ao disposto en dita orde. Polo que o próximo xaneiro de 2021 de seguir sen actualizarse en Galicia, levaría un ano e medio dende a vixencia de dita orde. Non podemos permitirnros retrasos con este tipo de pacientes, xa que non poder falar nin moverse é unha necesidade vital urxente.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galicia necesario habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tables con brazo articulado para pacientes de ELA ou usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida, mentres non resolvan o trámite da actualización da carteira de servizos?
- 2.<sup>a</sup>) Ten feito algún estudio sobre o impacto dos recortes da Lei de dependencia nos graos III?
- 3.<sup>a</sup>) Se o ten feito, que resultados ten atopado e que valoración fai dos mesmos?
- 4.<sup>a</sup>) Se non o ten feito, cal é o motivo?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 29/10/2020 17:31:41**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2020 18:04:19  
Nº Rexistro: 4470  
Data envío: 29/10/2020 18:04:19.095

**Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 17:31:56**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Goberno do Estado aprobou hai 4 días o Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación da covid19.

Trátase dunha medida prevista no artigo 116 da Constitución, que remite a súa regulación a correspondente lei orgánica, a Lei orgánica 4/1981 reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio, que establece no seu artigo 4 que “El Gobierno, en uso de las facultades que le otorga el art. 116, 2, de la Constitución, podrá declarar el estado de alarma, en todo o parte del territorio nacional, cuando se produzca alguna de las siguientes alteraciones graves de la normalidad: b) b) Crisis sanitarias, tales como epidemias y situaciones de contaminación graves”. Pola súa banda, no seu artigo 5 di que “Cuando los supuestos a que se refiere el artículo anterior afecten exclusivamente a todo o parte del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma, el Presidente de la misma podrá solicitar del Gobierno la declaración de estado de alarma”. E o artigo 7 sinala que “A los efectos del estado de alarma la Autoridad competente será el Gobierno o, por delegación de éste, el Presidente de la Comunidad Autónoma cuando la declaración afecte exclusivamente a todo o parte del territorio de una Comunidad”.

A situación sanitaria da península, dende que se levantou o anterior estado de alarma, non parou de empeorar, exactamente igual que en Galicia, onde estes días se están a bater récords de contaxios, mortes e positividade na segunda ola.

Non menos preocupante é a situación en Europa, onde Francia declarou de novo o confinamento da poboación e Alemaña medidas máis restritivas ca España, igual que moitos outros países.

Dende o punto de vista xurídico hai que lembrar que outros países declararon estados similares ao noso estado de alarma, como Portugal o estado de calamidade, Italia o estado de emerxencia ou Francia o estado de alarma.



Ante unha situación tan difícil, un estado como o español, que se caracteriza por presentar un elevado grao de descentralización con respecto, por exemplo, os tres anteriormente citados e en todo caso con respecto a maioría dos países do mundo, non ten máis remedio que adaptar a súa resposta a ese carácter descentralizado.

A maioría das CC.AA pediron ao Goberno a declaración do estado de alarma, incluíndo o País Vasco e Cataluña. O estado de alarma decretado delega nas CC.AA a adopción de medidas pero establece mecanismos de coordinación e posibilita a declaración de medidas máis drásticas se fora necesario, así como a propia posibilidade de levantar o estado de alarma decretado en caso de melloría, como é lóxico.

Se o funcionamento ordinario do estado das autonomías require un certo grao de cooperación e de lealtade constitucional, a situación de crisis inusitada e pandemia sanitaria na que nos atopamos precisa da aplicación dun plus nesa cooperación e nesa lealdade, xusto o contrario do que está a facer a Xunta de Galicia a través do seu presidente, que declarou inmediatamente que considera «demoledor» un estado de alarma que «se carga o consumo en Nadal» e que prexudica o turismo. Tamén sinalou que «hemos pronunciado la necesidad de modificar la ley orgánica de salud pública. Yo mismo lo he reiterado varias veces. Hemos enviado una propuesta en octubre. Pero volvemos a incidir en el error de usar el estado de alarma. Es un error político, económico y social» «no podemos proyectar que somos un país que vamos a tener un estado de alarma de seis meses. Ese estado alarma de forma innecesaria a los ciudadanos».

Tamén declarou que as mesmas medidas poderían tomarse modificando a lexislación sanitaria, o cal parece ser a súa obsesión, de xeito incompreensible, dado que se pretende tomar as mesmas medidas hai que deducir que o único que lle preocupa é o nome que se lle asigne á situación, o cal oscila entre o ridículo e o delirio. É absolutamente alucinante que o Sr. Feijóo se permita dicir que o que alarma é o estado de alarma e non a pandemia cando en Portugal teñen declarado un estado de calamidade.

En suma, ante a aplicación do mecanismo previsto con claridade no noso ordenamento para unha situación como esta na que nos atopamos, o Sr. Feijóo non pode evitar proferir ocorrencias indignas dun representante público que xeran un clima de desconfianza e discordia na cidadanía e prexudican a imaxe de Galicia e do país dentro e fóra das nosas fronteiras.



Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego a través do seu presidente comezar a comportarse lealmente e deixar de facer declaracións alarmantes e carentes de veracidade ante unha situación da gravidade da que presenta a actual?

Pazo do Parlamento, 29 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 29/10/2020 18:24:58**

**Paloma Castro Rey na data 29/10/2020 18:25:09**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 29/10/2020 18:25:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións laborais do persoal da Consellaría de Política Social e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai oito anos aprobouse en Galiza a Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias do emprego público que incluía no seu articulado a suspensión dalgúns artigos do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta.

*Artigo 6. Suspensión da aplicación de determinados artigos do convenio colectivo.*

*Un. Suspéndese a aplicación do artigo 19, agás a alínea 1, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza.*

*Dous. Suspéndese a aplicación do artigo 29, Dereito a comedor, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza, agás para o persoal laboral de educación e o dereito do persoal que traballe en quenda de noite a recibir bebidas frías e quentes recoñecido no inciso final do primeiro parágrafo.*

*Tres. Suspéndese a aplicación do artigo 34.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza.*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*Catro. Suspéndese a aplicación da disposición adicional terceira do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.*

Malia que a propia lei prevía no seu título o carácter temporal desta suspensión de dereitos, o certo é que o Goberno galego continúa aplicándoa, oito anos despois, a través da súa prórroga a través da Lei de acompañamento dos orzamentos.

Especificamente a suspensión da aplicación do artigo 19 do devandito Convenio referido ao descanso e festivos do persoal público.

Esta situación supón un roubo de dereitos para as traballadoras e traballadores públicos véndose de maneira máis prexudicada o persoal da Consellaría de Política Social que vén reclamando desde hai anos a súa restitución.

A negativa da Xunta de Galiza, de maneira reiterada, a devolver os seus dereitos ás traballadoras e traballadores engádesa a precariedade que soportan e as dificultades de conciliación da vida persoal e laboral.

Resulta inadmisíbel que a consellaría da Xunta de Galiza responsábel dos servizos de conciliación e de coidados das persoas máis vulnerábeis non só non sexa exemplo na garantía escrupulosa dos dereitos das súas traballadoras e traballadores, senón que se converta nun axente precarizador e vulnerador de dereitos.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai restituír a Xunta de Galiza os dereitos laborais do persoal da Consellaría de Política Social suspendidos en 2012?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cre o Goberno galego que o persoal de residencias, centros de día ou centros de persoas con discapacidade poden estar a traballar nas condicións que o fan actualmente?

- Como valora estas condicións a Xunta de Galiza?

- Vai derrogar a Lei 1/2012 do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2020 18:27:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2020 18:27:26**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 29/10/2020 18:27:37**





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 446**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“como valora o Goberno galego a dotación de medios e atención prestada á atención primaria para afrontar a covid-19 e se ten previsto o aumento do volume de recursos humanos”**, (publicada no BOPG número 4 do 19 de agosto de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire aos recursos humanos e, dada a escaseza de Médicos de Atención primaria e Pediatras, reforzáronse os equipos contratando a todos/as os que remataban a especialidade ademais de enfermeiras especialistas tanto en enfermería familiar e comunitaria como en pediatría, ademais de médicos que remataron os estudos e que estaban pendentes do destino (MIR).

No tocante ao material é subministrado sempre que é preciso mediante petición a través da plataforma Logas.

Xa antes da pandemia presentamos nesta cámara o Plan Galego de AP 2019-2021 que foi aprobado polo Consello da Xunta o 16 de maio do 2019 e no mesmo xa viñan recollidos por unha banda a solicitude do incremento nas prazas MIR nas especialidades deficitarias de pediatría e de medicina de familia e por outra un incremento na oferta de prazas nas OPES (ofertas públicas de emprego anuais). Así en global e no 2021 teremos 331 novas prazas de nova creación en distintas categorías de profesionais de AP.

Mediante a elaboración e implantación de protocolos de actuación que están dispoñibles na Web corporativa do Servizo Galego de Saúde, e en relación coa



atención primaria, co 'Protocolo para a detección e manexo de casos de infección activa polo virus SARS-CoV-2(COVID 19) en Atención Primaria''.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4548**  
Data envío: 02/11/2020 09:02:06.911

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:02:03**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 451**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a situación da atención sanitaria así como da dotación de persoal e centros de saúde da comarca do Salnés-Arousa”**, (publicada no BOPG número 4 do 19 de agosto de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación de recursos humanos e materiais da comarca do Salnés son o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

En canto aos recursos materiais as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos Centros Sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materias, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

A dotación de novas infraestruturas como centros de saúde ten ademais a necesidade de colaboración dos gobernos locais. Alí onde existen necesidades obxectivas e o concello colabora, prodúcense investimentos como amosa a



ampliación do centro de saúde de A Illa de Arousa, que supuxo un investimento de 465.000 € por parte da Xunta de Galicia tras un acordo co concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4547**  
Data envío: 02/11/2020 09:01:54.489

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:01:50**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 523**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre “**as medidas a tomar diante da evolución da Covid-19 en Galiza**”, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde séguese a Estratexia de Detección Precoz, Vixilancia e control da COVID-19, baseada na evidencia científica, nos documentos da Organización Mundial da Saúde e do propio Ministerio de Sanidade.

Esta estratexia baséase na detección temperá de todo novo caso de infección e tamén no estudo, corentena e seguimento dos seus contactos.

Unha estratexia que permite ademais o diagnóstico precoz da infección nos contactos estreitos que poden iniciar síntomas e o establecemento de medidas que favorezan a contención precoz das fontes de contaxio e por tanto eviten a transmisión do virus.

No que respecta a detección temperá dos casos e a identificación e o seguimento dos contactos cóntase cun modelo flexible, baseado na xestión por procesos e integrado por distintos equipos humanos que permiten realizar estas actividades en distintos ámbitos e niveis asistenciais.

Seguimos atentamente os datos sobre o proxecto de investigación que se está a realizar pola Universidade da Coruña en augas residuais aínda que neste momento consideramos que non nos permiten a toma de decisións para establecer actuacións específicas máis alá do que os datos epidemiolóxicos que xa se obteñen de forma rutineira doutras fontes.

En canto as probas masivas para detectar a presenza de COVID-19, compre aclarar que no momento actual, non se recomenda a realización de PCR a persoas



asintomáticas fora de determinadas estratexias de cribado plantexadas por exemplo en poboacións vulnerables, na busca activa de casos no contexto de brotes, etc.

Neste sentido, en Galicia realízanse cribados en determinados grupos de poboación como é o cribado das residencias socio-sanitarias, dos profesionais dos centros educativos, persoal sanitario, etc.

Ademais, no caso de brotes, tense realizado amplos cribados en diferentes contextos e dependendo das contornas máis afectadas: en determinados grupos de idade, coidadores de persoas maiores, traballadores da hostalaría e restauración, lonxas, traballadores temporeiros, etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4546**  
Data envío: 02/11/2020 09:01:39.567

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:01:35**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 524**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa evolución en Galicia da covid-19”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación está recollida no ‘Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021’ aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de maio de 2019.

É preciso lembrar que este goberno aposta pola estabilidade no emprego e de aí a convocatoria de OPES anuais, por exemplo na OPE do 2019 incorporáronse o sistema 249 Médicos de familia titulares, e 302 profesionais de enfermería, ademais de 33 pediatras por citar algúns exemplos. Tamén o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 recolle o compromiso de creación de novas prazas de xeito secuencial o longo da súa vixencia. Estando prevista a creación de mais de 300 novas prazas nas distintas categorías de AP o remate do mesmo.

Efectivamente, xa se fixo e se materializou na última convocatoria do Ministerio de Sanidade para a formación de especialistas nas especialidades deficitarias e así se lle trasladou ao Ministerio de Sanidade a necesidade de incremento de prazas o que permitiu que no último MIR 2019 as prazas en Galicia de Médicos de Familia fosen 24 mais que as do ano anterior e que tivésemos 7 mais para formar pediatras e 19 prazas EIR mais respecto da convocatoria anterior.

O RD 1030/2006 de 15 de setembro, establece a Carteira de Servizos Común do SNS así como o procedemento para a súa actualización.

Actualmente nos equipos de atención primaria están aqueles profesionais que se contemplaron como necesarios cando se crearon os Equipos de Atención Primaria. Por outra banda temos que sinalar a importancia de redistribuír as tarefas entre os profesionais dos equipos de atención primaria habida conta de que cada vez teñen



maior formación e polo tanto poden asumir novas tarefas no contexto dun teito competencial mais amplo así como é importante que os pacientes e as asociacións de pacientes colaboren e se responsabilicen da súa saúde.

Se algo facía falta era que a Atención Primaria e a Atención Hospitalaria compartisen e fixesen realidade a continuidade asistencial que empezou coa integración dunha única historia clínica para cada paciente. A atención centrada no paciente precisa dun traballo moi coordinado entre profesionais rompendo a estanquidade xa que o paciente precisa coidados coordinados integrais e integrados e fomos quen de superar esas barreiras e de verdade poñer o paciente como eixo do sistema.

Tamén mellorou a comunicación entre os profesionais de Atención Primaria e Hospitalaria. As ferramentas coas que traballan son compartidas: A historia clínica común (HC) é compartida, e foi sen dúbida un dos grandes avances. Mais recentemente TELEA, a e-consulta con inclusión de imaxes ou calquera outra proba complementaria, o coñecemento entre os profesionais, a formación e información compartida, a dotación dos centros tanto en estrutura coma en dotación de medios técnicos foi unha gran mellora e o “Plan Galego de AP 2019-2021” cunha dotación de mais de 100 millóns de euros .

A Consellería de Sanidade realizou e segue a realizar un importante esforzo incrementando os recursos humanos e que permitan diminuír a carga asistencial por cada profesional. Así dende agosto do 2019 creáronse 20 novas prazas de Médico/a de familia de AP e 45 de enfermería de AP.E tamén se están a levar a cabo actuacións en infraestruturas e en equipamentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4545**  
Data envío: 02/11/2020 09:01:27.458

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:01:24**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 525**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“a necesidade de realizar test masivos á poboación galega para loitar contra a Covid-19”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En canto as probas masivas para detectar a presenza de COVID-19, compre aclarar que no momento actual, non se recomenda a realización de PCR a persoas asintomáticas fora de determinadas estratexias de cribado plantexadas por exemplo en poboacións vulnerables, na busca activa de casos no contexto de brotes, etc.

Neste sentido, en Galicia realízanse cribados en determinados grupos de poboación como é o cribado das residencias socio-sanitarias, dos profesionais dos centros educativos, persoal sanitario, etc.

Ademais, no caso de brotes, tense realizado amplos cribados en diferentes contextos e dependendo das contornas máis afectadas: en determinados grupos de idade, coidadores de persoas maiores, traballadores da hostalaría e restauración, lonxas, traballadores temporeiros, etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4544**  
Data envío: 02/11/2020 09:01:17.286

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:01:13**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre “**os datos referidos aos rastrexadores existentes na actualidade en Galicia**”, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos a resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta parlamentaria número 975 que tivo lugar no pleno do 23 de setembro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-09-23?part=fceed27b-1405-4c59-8fd5-5b0d214a3ebc&start=13636> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4543**  
Data envío: 02/11/2020 09:01:00.145

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:00:56**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 984**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **“o grao de incorporación de Galicia ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da App Radar Covid, así como sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa posta en funcionamento polo Goberno central e a súa coordinación coas comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia leva traballado co Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital dende o inicio do proxecto para incorporar o sistema de rastrexo a través da APP Radar Covid coa maior celeridade posible. Déronse todos os pasos para incorporarse no sistema Radar Covid. O día 10 de setembro superáronse satisfactoriamente as probas de certificación no entorno de pre produción esixidas polo ministerio, e o día 14 leváronse a cabo por parte do ministerio as probas en produción. Este foi o último paso necesario para que o ministerio dera vía libre á saída de Radar Covid en Galicia que foi unha das primeiras Comunidades Autónomas en mostrar interese no sistema Radar Covid, solicitando ao Ministerio de Sanidade a posibilidade de ser unha das comunidades piloto desta tecnoloxía. A tecnoloxía de contact tracing empregada nesta APP e que realiza un rastreo dixital e automático dos contactos estreitos dun positivo é un bo complemento ao traballo dos rastreadores manuais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4542**  
Data envío: 02/11/2020 09:00:49.208

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:00:45**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 2396, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e don Julio Torrado Quintela, sobre “a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade do inicio das competicións federadas de carácter autonómico, en especial no que atinxe aos deportes de contacto, diante dos requisitos exixidos na Orde, do 17 de setembro, de medidas de prevención fronte á covid-19, e, se é o caso, as previstas para garantir a seguridade sanitaria nelas”, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Secretaría Xeral para o Deporte, que ten o seguinte contido:

“En relación ás cuestións formuladas na iniciativa, sinalar que coa entrada en vigor o día 19 de setembro da orde do 17 de setembro, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de 12 de xuño, as federacións galegas de deportes de equipo empezaron a adaptación do seu respectivo protocolo Fisicovid-DxTgalego á posibilidade da práctica deportiva con contacto.

Á data actual, e en pouco mais dun mes, das 8 destas federacións, catro xa teñen o seu protocolo adaptado, e as restantes están a piques de facelo, polo que as competicións están desenvolvéndose coas medidas de seguridade esixidas pola norma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 4549**  
Data envío: 02/11/2020 09:02:54.223

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2020 9:02:50**

CSV: BOPGDSPGaemXdRhay4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

